

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 23 DE FEBREIRO DE 2023

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, sendo as vinte horas do día vinte e tres de febreiro de dous mil vinte e tres, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. alcalde, don Óscar Alfonso García Patiño, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D. RAMÓN BOGA MOSCOSO
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D. DANIEL MALLO CASTRO
D.^a MÓNICA VARELA GERMADE
D.^a MARÍA DOLORES PAN LESTA

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D.^a LÚA SANGUIÑEDO ÁLVAREZ
D. MIGUEL ÁNGEL GUTIÉRREZ NIETO
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D. DIEGO ALCANTARILLA REI

Polo grupo municipal do PP:

D. JUAN MARÍA ABALO CASTEX
D.^a MARÍA JESÚS GONZÁLEZ ROEL

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ (que se incorpora á sesión no momento que se expresa na presente acta)
D. BRAIS CUBEIRO FERNÁNDEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D.^a SANDRA SÁNCHEZ VIEITES

Polo Grupo Mixto:

D.^a MARÍA OLGA SANTOS LÓPEZ (de EU-Son en Común)
D.^a MARÍA JOSÉ GARCÍA HIDALGO (de C's)

Concelleira non adscrita:

D.^a MARTA MARÍA VÁZQUEZ GOLPE

Non asiste á sesión a Sra. concelleira do grupo político de UxC, dona Elisa Pestonit Barreiros.

Asiste á sesión o interventor municipal, don Francisco Javier Ulloa Arias, e dá fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 23 de febreiro de 2023, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202302231900340000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. PARTE RESOLUTIVA

1.1. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CONVENIO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL, E ÁS PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL OU VIXILANTES MUNICIPAIS ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE CAMBRE

Acceso á videoacta – 00:00:42 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 13 de febreiro de 2023 (CVD: /W+kvzOR2firIEriCXxp), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico, na sesión ordinaria de data 16 de febreiro de 2023, que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS

Visto o borrador do convenio para a asunción pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos da policía local e ás prazas de auxiliares de policía local ou vixiantes municipais entre a vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e este Concello.

Visto o informe de Secretaría de data 1 de febreiro de 2023 (CVD: ZIMv/wFStDhnsVv5kDgo).

Visto o informe do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data 10 de febreiro de 2023 (CVD: tEaap2lplsM15ZpDAps3).

Tendo en conta canto antecede, propono ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º) Delegar na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do corpo da policía local de Cambre



adheríndose ao convenio para a asunción pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local, e ás prazas de auxiliares de policía local ou vixilantes municipais entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e os Concellos de Galicia, de conformidade cos artigos 22-1, p) e 47-2, h) da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local.

2º) Aprobar o Convenio que se transcribe a continuación e facultar ao Alcalde do Concello de Cambre para a súa sinatura:

“CONVENIO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL, E ÁS PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL OU VIXILANTES MUNICIPAIS ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE CAMBRE.

A Estrada, asinado dixitalmente

REUNIDOS

DUNHA PARTE, D. Diego Calvo Pouso, Vicepresidente segundo e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e Presidente do Consello Reitor da Academia Galega de Seguridade Pública, actuando en nome e representación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en virtude das competencias que ten atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, no Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, no artigo 8 da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública e no artigo 2.2. do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de Policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local

DOUTRA, D. Óscar A. García Patiño, alcalde do Concello de Cambre, actuando en nome e representación deste en virtude das competencias que ten atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e facultada para a sinatura deste convenio polo Pleno do Concello, segundo acordo adoptado na sesión do 16 de febreiro de 2022, en cumprimento do previsto no artigo 22.1.p) en relación co 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Recoñecéndose ambas as dúas partes con capacidade e representación legal suficiente para o outorgamento deste convenio,

EXPOÑEN:

I.- A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, establece no seu artigo 32.7 que “A Xunta de

Galicia poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes e, de ser o caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración”.

En desenvolvemento desta previsión, o artigo 2.2 do Decreto 115/2017 establece que “a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos mediante a asunción da convocatoria das prazas vacantes dos seus corpos de policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local ou dos postos de vixilantes municipais, de non existir no concello corpo de Policía local, requirirá a celebración do oportuno convenio a través da consellería competente en materia de seguridade”.

II.- Dentro do devandito marco regulador, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da súa Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e da Academia Galega de Seguridade Pública, desexa cooperar activamente cos concellos de Galicia que dispoñen de corpo de Policía local e das prazas de auxiliares de policía local, mediante a asunción da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías dos devanditos corpos e prazas de auxiliares de policía local e de vixilantes municipais.

III.- Mediante acordo do Pleno de data xxxxxxxx, adoptado en cumprimento do previsto no artigo 22.1.p) en relación co 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, o Concello de delega na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías de seu corpo de Policía local e as prazas de auxiliares de policía local, por todo o tempo de vixencia do presente convenio.

Para instrumentar esta delegación, e de acordo co previsto no artigo 2.3 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, e na lexislación de réxime xurídico do sector público e de réxime local, ambas as dúas partes acordan as seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA: Obxecto.

1. Este convenio ten por obxecto instrumentar a delegación polo Concello de na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do seu corpo de policía local e as prazas de auxiliares de policía local.
2. En virtude da devandita delegación, a Administración xeral da Comunidade Autónoma asume durante o período ao que se estende a vixencia deste convenio a convocatoria e desenvolvemento de todos os procesos selectivos para as prazas das diferentes categorías do seu corpo de Policía local e as prazas de auxiliares de policía local, segundo as necesidades de persoal que lle sexan comunicadas polo concello na forma e prazos establecidos no presente convenio e demais normativa de aplicación.

3. A disposición adicional única do Decreto 115/2017, do 17 de novembro xa foi desenvolvida na súa totalidade, polo que a delegación realizada polo concello para tódolos procesos obxecto deste convenio é aceptada e producirá plenos efectos, sen precisar novo acordo plenario, debendo o concello comunicar, nos prazos establecidos no Decreto 115/2017, as novas prazas a convocar.

SEGUNDA: Comunicación á Academia Galega de Seguridade Pública das prazas concretas a convocar e prazo para efectuar a devandita comunicación.

1. O concello, no momento da sinatura do convenio ou ben nun momento posterior e, en todo caso, antes dos prazos que a continuación se indican, deberá comunicar á Academia Galega de Seguridade Pública, no modelo que se recolle no Anexo I, o número, a denominación e as características das prazas que se terán que convocar para o seu corpo de policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local, con determinación expresa da escala e categoría a que pertencen, indicando o grupo de titulación que corresponda, o nivel dos postos e as condicións ou requisitos necesarios para o desempeño de cada un deles, así como o sistema de acceso aplicable.

2. A comunicación deberá ir acompañada dunha certificación da persoa titular da secretaría do concello na cal se acredite o cumprimento de todos os requisitos legalmente esixidos para a convocatoria das prazas, segundo o modelo que se recolle no Anexo II deste convenio.

3. Os prazos para efectuar a devandita comunicación son os seguintes:

- Antes de que remate o mes de xaneiro de cada ano, para o acceso, mediante o sistema de quenda libre, á categoría de policía e as prazas de vixilantes municipais ou para o resto de categorías e sistemas dos corpos de policía local cuxos procesos selectivos unitarios estean habilitados conforme a previsión do apartado b) da disposición adicional única do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.

- Antes de que remate cada ano natural para as prazas de auxiliares de policía local.

TERCEIRA: Alcance da delegación.

1. A delegación obxecto deste convenio comprende:

a) A aprobación e publicación das convocatorias dos procesos selectivos coas súas bases, así como a aprobación, notificación e publicación de todos os demais actos e resolucións administrativas que dean cobertura xurídica ao desenvolvemento daqueles.

b) O nomeamento e coordinación dos órganos de selección, incluído o aboamento de todos os gastos derivados da súa actuación.

- c) A recepción das solicitudes de participación e o cobro das correspondentes taxas.
 - d) A xestión íntegra da operativa precisa para o desenvolvemento material dos procesos selectivos.
 - e) A cualificación das probas selectivas e a aplicación dos correspondentes baremos de méritos.
 - f) Se o convenio inclúise a selección do persoal auxiliar de policía local, a xestión das correspondentes listas selectivas nos termos establecidos polo artigo 19 e 19.bis do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.
 - g) Todas as demais xestións relacionadas coa convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos, coa excepción que se sinala no número seguinte.
 - h) A organización dos correspondentes cursos selectivos de formación ou capacitación.
2. Exceptúanse da delegación as competencias relativas ao nomeamento como persoal funcionario en prácticas, ou, de ser o caso, como persoal funcionario de carreira, e a contratación como persoal auxiliar de policía local das persoas aprobadas ou que obtivesen praza nos procesos selectivos.

CUARTA: Obrigas da Administración xeral da Comunidade Autónoma.

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma obrígase a aprobar e publicar as convocatorias dos procesos selectivos para o acceso ás categorías do corpo de Policía local comprendidas neste convenio e as prazas de persoal auxiliar de policía local e de vixilantes municipais sempre que as prazas comunicadas para a correspondente categoría e sistema de acceso polos concellos cos cales estean en vigor os preceptivos convenios alcancen o número mínimo total de:

- Dez, no caso do acceso á categoría de policía polo sistema de quenda libre e aos postos de persoal auxiliar de policía local.
- Cinco, en todos os demais casos.

Para a determinación dese número mínimo sumaranse todas as prazas comunicadas antes de que remate o mes de xaneiro de cada ano, ou antes de que remate o ano natural no caso do persoal auxiliar de policía local, salvo o disposto nas cláusulas segunda e décima terceira.

Malia o anterior, a Administración xeral da Comunidade Autónoma resérvase a posibilidade de convocar procesos selectivos unitarios para un número de prazas inferior ao sinalado no parágrafo anterior, nos termos sinalados polos artigos 4.1 e 18.1 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.

2. No suposto de non se convocar un proceso selectivo unitario por non se acadar o número mínimo de prazas previsto no número anterior, a consellería competente en materia de seguridade porá inmediatamente en

coñecemento do concello dita circunstancia. Este poderá optar entre desenvolver por si mesmo o proceso selectivo ou volver comunicar as prazas para o seguinte ano, sempre que o permita o prazo de execución da correspondente oferta de emprego público.

3. No caso de que o obxecto do convenio comprenda a selección de persoal auxiliar de policía local, a Administración xeral da Comunidade Autónoma obrígase tamén a seleccionar, a través da lista prevista no artigo 19 e 19.bis do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, ás persoas precisas para a cobertura das necesidades sobrevidas desta clase de persoal que se comuniquen polo concello no modelo que se estableza para o efecto, sempre que na devandita lista existan persoas aptas para a cobertura das prazas ás que se refira a comunicación.

QUINTA: Obrigas do concello.

En virtude deste convenio, o concello asume as seguintes obrigas:

- a) Comunicar á Academia Galega de Seguridade Pública, na forma e dentro do prazo que se sinala na cláusula segunda, o número, a denominación e as características das prazas que se terán que convocar para o seu corpo de Policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local que se terán que convocar, con determinación expresa da escala e categoría a que pertencen, indicando o grupo de titulación que corresponda, o nivel dos postos e as condicións ou requisitos necesarios para o desempeño de cada un deles, así como o sistema de acceso aplicable.
- b) Nomear como persoal funcionario en prácticas, ou, de ser o caso, como persoal funcionario de carreira, ás persoas aprobadas ou que obtiveron praza nos procesos selectivos ou contratar como persoal auxiliar de policía local ás persoas seleccionadas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma, logo de verificar que teñen superado o preceptivo curso de formación.
- c) Comunicar inmediatamente á Dirección da Academia Galega de Seguridade Pública a toma de posesión ou a contratación das persoas mencionadas na alínea anterior.
- d) Efectuar os trámites internos necesarios, nos prazos que fixe a Academia Galega de Seguridade Pública, para a incorporación efectiva aos cursos selectivos de formación ou capacitación das persoas aspirantes que superasen o proceso selectivo.
- e) Subministrar á consellería competente en materia de seguridade e a Academia Galega de Seguridade Pública toda a información que estas necesiten e demanden consonte o previsto polo Decreto 115/2017, do 17 de novembro, para o cumprimento das obrigas que derivan do presente convenio.

SEXTA: Financiamento dos procesos selectivos.

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma asume o financiamento de todos os gastos derivados da

xestión e desenvolvemento dos procesos selectivos obxecto deste convenio, con cargo aos recursos consignados nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma percibirá os ingresos derivados das taxas que se establezan pola participación nos procesos selectivos, de acordo co establecido na lexislación de taxas da Comunidade Autónoma de Galicia.

SÉTIMA: Comisión de seguimento.

1. Este convenio será administrado por unha comisión de seguimento composta por dúas persoas designadas por cada parte, que adoptará os acordos por unanimidade.

2. A comisión de seguimento, de acordo co establecido no artigo 49.1.f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, é o instrumento para o seguimento, vixilancia e control do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes, e exercera as súas funcións de acordo co establecido nos artigos 51.c) e 52.3 daquela.

3. A Administración xeral da Comunidade Autónoma e o concello comprométense a resolver por mutuo acordo, no seo da comisión de seguimento, cantas diferenzas resulten da interpretación e cumprimento deste convenio, sen prexuízo da competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa para o coñecemento de todas as cuestións e litixios que puidesen xurdir.

OITAVA: Vixencia.

1. Este convenio ten vixencia dende a data da súa sinatura ata un máximo de catro anos de duración.

2. Con anterioridade á súa finalización, o convenio poderá ser prorrogado, previo acordo escrito das partes, ata completar un período adicional da mesma duración.

3. A finalización da vixencia do convenio non afectará ao desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios convocados ao abeiro do mesmo.

NOVENA: Causas de resolución.

1. De conformidade co establecido no artigo 51.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, son causas de resolución deste convenio:

a) A renuncia de calquera das partes, formulada por escrito cun mes de antelación a data na que desexe a finalización do mesmo.

b) O incumprimento das cláusulas do mesmo.

c) O mutuo acordo das partes.

2. A resolución do convenio non afectará ao desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios convocados ao abeiro do mesmo.

DÉCIMA: Modificacións.

As modificacións deste convenio formalizaranse mediante *addenda*, cos mesmos requisitos e condicións que se esixen para a aprobación do mesmo.

DÉCIMA PRIMEIRA: Publicidade.

1. En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina web oficial da devandita subscripción cos seguintes datos básicos:

a) Identificación das partes que interveñen.

b) Importe do financiamento.

c) Data da sinatura.

d) Finalidade.

e) Período de vixencia.

2. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e publicidade referida no número anterior. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións que contén, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

DÉCIMA SEGUNDA: Natureza e réxime xurídico.

1. Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, quedando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido no artigo 6.1 desta.

2. As discrepancias que xurdan pola aplicación deste convenio serán resoltas pola comisión de seguimento prevista na cláusula sétima. De persistir as mesmas resolverá a persoa titular da consellería competente en materia de

seguridade e a Xunta de Goberno local do concello, no ámbito das respectivas competencias, poñendo fin á vía administrativa.

Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas as dúas partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade asíñase no lugar arriba indicado.

O Vicepresidente segundo e Conselleiro
de Presidencia, Xustiza e Deportes e
Presidente do Consello Reitor da
Academia Galega de Seguridade Pública

O Alcalde do Concello de Cambre

Diego Calvo Pouso

Óscar A. García Patiño

ANEXO I

MODELOS DE COMUNICACIÓN DE PRAZAS A CONVOCAR

1. Modelo de comunicación de prazas a convocar das distintas categorías dos corpos de Policía local

CONCELLO DE ...

Referencia da aprobación e publicación da correspondente oferta de emprego público: ...

NÚMERO DE PRAZAS	DENOMINACIÓN	ESCALA	CATEGORÍA	GRUPO OU SUBGRUPO	TITULACIÓN ESIXIBLE	NIVEL	SISTEMA DE ACCESO	PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

De ser o caso, indicando as prazas ás que afecte:

Funcións: ...

Condições: ...

Requisitos: ...

2. Modelo de comunicación de prazas a convocar de auxiliares de policía local

CONCELLO DE ...

NÚMERO DE PRAZAS	DENOMINACIÓN	GRUPO PROFESIONAL	TITULACIÓN ESIXIBLE	DATA PREVISTA INICIO CONTRATO	DURACIÓN PREVISTA CONTRATO

ANEXO II

MODELO DE CERTIFICACIÓN DA SECRETARÍA DO CONCELLO

... , titular da Secretaría do Concello de ..., CERTIFICO:

Que se cumpren os requisitos esixidos pola lexislación vixente para a convocatoria do/s proceso/s selectivo/s das prazas que se recollen en documento anexo I a esta certificación.

E para que así conste ao efecto da comunicación das devanditas prazas á Academia Galega de Seguridade Pública para a convocatoria do/s correspondente/s proceso/s selectivos unitarios, de acordo co previsto no convenio de data ... asinado entre este concello e a Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, expido e asino esta certificación de orde e co visto e praxe do/a Sr./Sra. Alcalde/Alcaldesa, en ..., o ... de ... de ...»»

Consta no expediente informe de Secretaría de data 1 de febreiro de 2023 (CVD: ZIMv/wFStDhnsVv5kDgo) no que, entre outras cousas, se sinala:

“(…/…)”

Cómpre, non obstante, facer a seguinte observación en relación ao convenio:

Establécese na cláusula segunda que o concello deberá comunicar á Academia Galega de Seguridade, no modelo que se recolle no Anexo I , o número , a denominación e as características das prazas que se terán que convocar para o seu corpo de policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local, especificando no parágrafo 2 que a comunicación deberá ir acompañada dunha certificación da persoa titular da secretaría do concello na cal se acredite o cumprimento de todos os requisitos legalmente esixidos para a convocatoria das prazas, segundo o modelo que se recolle no Anexo II do convenio.

No devandito modelo, contido no Anexo II, que leva por título “MODELO DE CERTIFICACIÓN DA SECRETARÍA DO CONCELLO”, se contén unha certificación cuxo corpo di:

“ *Que se cumpren os requisitos esixidos pola normativa vixente para a convocatoria do/s proceso/s selectivo/s das prazas que se recollen no documento anexo I a esta certificación*”

Este contido non é propio dunha certificación polos motivos que a seguir se expresan:

A normativa vixente atribúe á Secretaría da Corporación a función da fe pública. Así o artigo 92 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local establece como funcións públicas necesarias en tódalas corporacións locais a de Secretaría, comprensiva da fe pública e o asesoramento legal preceptivo.

A fe pública é unha institución xurídica pola que se outorga unha presunción de certeza a aquelas manifestacións e declaracións realizadas por unha persoa (o fedatario público) a quen as normas outorgan aquela función.

A fe pública ten o seu fundamento e esencia na seguridade xurídica e é unha manifestación deste principio garantido no artigo 9 da Constitución Española. O efecto xurídico fundamental que produce é que aquilo que se

declara no exercicio da fe pública pode terse por certo sen máis, só por ter sido manifestado por un fedatario. As normas, pois, por imperativo do principio de seguridade xurídica ao que serve a fe pública, garanten a exactitude entre o declarado polo fedatario e a realidade, e como contrapartida, por esixencia de aquel mesmo principio, a impoñen, co que cargan sobre o fedatario a responsabilidade daquela correspondencia.

É clara a transcendencia que ten a fe pública, á vista dos seus efectos xurídicos e por elo, as cuestións ligadas a esta función teñen unha importancia que debe estar sempre presente.

O exercicio da fe pública está suxeito aos seguintes principios xerais:

- a) Independencia: o fedatario actúa en exercicio da fe pública sen suxeición a instrucións, con plena independencia e responsabilidade.
- b) Obxectividade: son alleos ao exercicio da fe pública os xuízos de valor ou as opinións, polo que na súa función debe limitarse a constatar os feitos que son obxecto da súa declaración.
- c) Documentación: o exercicio da fe pública se reflexa en determinados documentos expedidos polo fedatario, cos requisitos formais e de contido que se estableza en cada caso, un destes documentos son os certificados.
- d) Legalidade: o exercicio da fe pública debe realizarse con arranxo ás leis e as normas que sexan de aplicación, ben as normas xerais sobre o exercicio desta función, ben as particularidades que correspondan segundo a materia concreta de que se trate.

O certificado é, polo tanto, unha das formas en que se manifesta o exercicio da fe pública da secretaría municipal. Nel, o/a fedatario/a declara certos determinados feitos que están reflectidos en documentos que ten á vista.

O artigo 204 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) dispón que corresponderá á Secretaría da Corporación certificar os actos e acordos dos órganos de goberno das entidades locais, así como os documentos que existan nas dependencias municipais.

Podería configurarse un certificado como unha sorte de fotografía, onde o fedatario se limita a declarar os feitos que aparecen documentados, sen engadir opinións nin ir máis lonxe do que consta no documento sobre que se certifica. Polo exposto, a certificación é un acto administrativo de comprobación caracterizado pola súa función autenticadora. As certificacións expedidas polo Secretario son certificacións de coñecemento, non de xuízo, por canto se limitan a constatar o que xa consta en Libros e documentos.

Así queda configurado de maneira clara o alcance e obxecto dos certificados da secretaría municipal, polo que debería quedar claro tamén que cando non concorran os requisitos que as normas establecen para a súa expedición, non cabe emitir o certificado solicitado.

No suposto examinado, a certificación que se contén no Anexo II do convenio examinado non cumpre os requisitos anteriormente sinalados, xa que o que se interesa non é a constancia de determinados documentos, senón un pronunciamiento, un xuízo de valor da persoa titular da secretaría que certifica verbo do cumprimento dos requisitos esixidos pola lexislación vixente para a convocatoria dos procesos selectivos .

Polo exposto advírtese que non será legalmente posible a expedición de certificacións nos termos en que está redactado o modelo do Anexo citado, ao implicar xuízos de valor, opinións, dado que aí non alcanza a fe pública, o que non quere dicir que a información non puidera ser atendida, senón que esta non poderá ser mediante a emisión dun certificado de Secretaría, senón dun informe, polo que debería modificarse o Anexo II do convenio. (.../...)"

(Cando son as vinte horas e cinco minutos, incorpórase á sesión o concelleiro D. Daniel Carballada Rodríguez.)

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 13 de febreiro de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezasete (17), dos/as Sres./as: García Patiño, González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Sanguñedo Álvarez, Gutiérrez Nieto, Parceros Quiñoy, Alcantarilla Rei, Abalo Castex, González Roel, Varela Fraguío, Sánchez Vieites, García Hidalgo e Vázquez Golpe.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Tres (3), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Cubeiro Fernández e Santos López.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 13 de febreiro de 2023 (CVD: /W+kvzOR2firERiCXxp), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

1.2. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DAS BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS PARA O EXERCICIO 2023

Acceso á videoacta – 00:17:52 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada da Área de Benestar Social de data 13 de febreiro de 2023 (CVD: hXbisVGx5/iicj1ikwz4), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social, na sesión ordinaria de data 16 de febreiro de 2023, que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELLERÍA DELEGADA DE BENESTAR SOCIAL

Visto o Plan estratéxico de subvencións 2020 - 2023, aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do día 19 de decembro de 2019, con carácter supletorio da correspondente ao día 26 de decembro, que foi modificado en sesión extraordinaria do Pleno municipal celebrada o día 15 de xuño de 2020, en sesión extraordinaria do día 22 de decembro de 2020, en sesión extraordinaria do día 20 de maio de 2021 e en sesión ordinaria do día 26 de agosto de 2021.

Vista a sesión celebrada o 1 de decembro de 2022 do Grupo de Seguemento e Avaliación do Plan Estratéxico de Subvencións 2020/2023, onde se propón a súa modificación para o exercicio 2023.

Aprobada a modificación no Pleno ordinario de data 29 de decembro de 2022 mantendo dentro da Área 1 de Acción social en 30.000 euros a liña de subvencións de libre concorrencia en materia de servizos sociais, para o exercicio 2023.

Visto que está en vigor o Plan Estratéxico de Subvencións 2020/2023, onde a Área de acción social ocupa un papel importante, favorecendo o desenvolvemento de programas, proxectos e actividades de entidades de acción social sen ánimo de lucro.

Visto que o obxectivo estratéxico desta subvención destinada ás entidades sociais sen ánimo de lucro, e fomentar o desenvolvemento de proxectos por parte das entidades de acción social e sen ánimo de lucro, que beneficien aos veciños e veciñas de Cambre no ámbito social (proxectos con colectivos vulnerables en risco de exclusión social e/ou colectivos específicos tales como persoas maiores, persoas con diversidade funcional, persoas inmigrantes, e sen olvidar ás persoas e familias con enfermidades graves e/ou crónicas, entre outras).

Visto o informe da coordinadora de servizos sociais de data 10 de febreiro de 2023 (CVD: KwudNOQFT/CVLJWi2Fg4_____), sobre a xustificación da necesidade de elaboración e aprobación das bases reguladoras para a convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva en materia de servizos sociais para o exercicio 2023.

Vistas as bases reguladoras para a convocatoria de subvencións en réxime de concurrencia competitiva en materia de servizos sociais para o exercicio 2023.

Tendo en conta canto antecede, propónse ao Pleno da Corporación aprobar as bases reguladoras para a convocatoria de subvencións en réxime de concurrencia competitiva en materia de servizos sociais para o exercicio 2023, dado que dende a Concellería de Benestar Social considérase prioritario apoiar medidas para que, en conxunción co resto de actuacións de apoio a colectivos especialmente vulnerables e en risco de exclusión social, acaden o benestar social e individual, dando cobertura e apoio a estas entidades sen ánimo de lucro de carácter social, recoñecendo o Concello de Cambre que este labor, é un elemento fundamental na formación integral e mellora da calidade de vida destes colectivos, habendo quedado fundamentado no informe técnico emitido, polo que formulo ao Pleno a seguinte proposta de acordo a adoptar:

Primeiro: Aprobar inicialmente as bases reguladoras para a convocatoria de subvencións en réxime de concurrencia competitiva en materia de servizos sociais para o exercicio 2023, así como a súa convocatoria e formularios de solicitude e xustificación.

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS PARA O EXERCICIO 2023

Exposición de motivos

O Concello de Cambre desenvolve a súa actividade de fomento no marco de Planes estratéxicos de subvencións. O que actualmente se atopa en vigor é o PES 2020-2023. Este conta cunha área de acción social na que entre outras ven recollida unha liña de subvención en libre concurrencia co obxectivo de contribuír ao fomento das actividades das entidades sen ánimo de lucro de acción social no desenvolvemento daquelas que benefician aos veciños e veciñas de Cambre no ámbito social (actividades con persoas en risco de exclusión social por razón da súa discapacidade ou circunstancias de natureza económica, persoas e familias con enfermidades graves e/ou crónicas,...)

No Pleno extraordinario de data 15 de xuño de 2020 modificouse o Plan estratéxico de subvencións 2020/2023, de xeito que permitise implementar no municipio políticas de fomento especialmente enfocadas en paliar os estragos sociais e económicos producidos pola pandemia; así se aumenta en 10.000 € esta liña de subvención. Dito importe mantense para o exercicio 2023, na modificación do Plan estratéxico de subvencións, aprobada polo Pleno da corporación en sesión ordinaria de data 29 de decembro de 2022.

O Concello de Cambre é consciente de que é preciso adoptar medidas extraordinarias ante situacións de vulnerabilidade económica e social para darlles cobertura, apoiando a entidades sen ánimo de lucro de carácter social, para articular programas, accións e/ou actividades de prevención, apoio e promoción aos grupos de poboación máis vulnerables e en moitos casos aos seus familiares.

Polo tanto, resulta necesario continuar coa labor de ofertar dende as administracións públicas incentivos destinados a entidades de ámbito social que traballan con colectivos específicos e máis vulnerables que o resto da sociedade, co obxectivo de acadar o seu axuste persoal e social.

Legislación aplicable

Serán de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa administrativa reguladora das axudas e subvencións públicas, así como o disposto no Título V das Bases para a execución do orzamento xeral do Concello de Cambre para o exercicio de 2023, á presente convocatoria, sendo o procedemento de concesión de subvencións en materia de servizos sociais para o ano 2023, o réxime de concurrencia competitiva.

O Concello de Cambre ten atribuídas competencias en materia de avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación de risco de exclusión social, segundo establece o artigo 25.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

A Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia establece como obxectivos do sistema galego de servizos sociais a promoción de alternativas, recursos e itinerarios de integración social para aquelas persoas que se atopen en situación de risco de exclusión social, a prevención e aparición de calquera situación de dependencia, exclusión, desigualdade ou desprotección, así como a promoción e dinamización da participación comunitaria, o asociacionismo solidario, a axuda mutua e a implicación da cidadanía na posta en marcha de iniciativas de prevención e mellora da cohesión social.

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, no artigo 8, establece como funcións dos servizos sociais comunitarios básicos a identificación de grupos de poboación e persoas socialmente vulnerables e a detección precoz de situacións de risco ou desprotección para o desenvolvemento de actuacións de promoción social.

Asemade, no artigo 24 referido ao fomento da cooperación e da solidariedade social no apartado 3, faise referencia ao fomento e creación de organizacións de autoayuda, axuda mutua e de acción solidaria. Estas organizacións complementarán a actuación dos servizos sociais públicos de acordo coa planificación local de servizos sociais.

Artigo 1.- Obxecto e finalidade

As presentes bases teñen por obxecto establecer as normas para a solicitude, concesión, e xustificación e pago da subvención en réxime de concorrencia competitiva en material de servizos sociais do Concello de Cambre **referidas a actividades que se realicen entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2023.**

O Concello de Cambre quere pola presente convocatoria dar apoio ás entidades sociais e contribuír para que acaden os obxectivos que lles son propios, fomentar a participación da cidadanía en cada ámbito de actuación, a través de programas, actividades e/ou accións sociais tendentes a impulsar a prevención, promoción e apoio a persoas empadroadas en Cambre tales como persoas maiores, persoas con diversidade funcional,... e en xeral á inserción na sociedade dos colectivos máis desfavorecidos. Tamén que contribúan á prevención do illamento e exclusión social, á promoción da calidade de vida, a inclusión na comunidade e ao fomento da igualdade de oportunidades.

Os proxectos que presenten as entidades poderán ir dirixidos aos seguintes grupos de poboación:

- Minorías étnicas e culturais
- Persoas en risco de pobreza severa
- Persoas ou familias especialmente vulnerables
- Persoas con diversidade funcional
- Persoas Maiores
- Persoas inmigrantes
- Infancia e Xuventude
- Persoas que requiran de aplicación de medidas especiais para a súa inserción social e/ou laboral

Os proxectos deben estar enmarcados dentro dalgunha das seguintes accións de servizos sociais:

- Inclusión social
- Inclusión laboral
- Igualdade
- Sociosanitarias
- Adicións
- Discapacidade
- Inmigración

Cada entidade poderá solicitar un máximo de 3 proxectos, programas ou actividades, que deben encadrarse necesariamente en distintas accións.

Artigo 2.- Accións prioritarias

Trátase de desenvolver proxectos que pretendan dar resposta aos problemas e reducir o risco de posibles situacións de pobreza e exclusión social aos sectores de poboación máis afectados por esta crise sanitaria reforzando os servizos sociais cun apoio máis intenso ás persoas en risco de pobreza e exclusión social.

Serán accións prioritarias as que se desenvolvan conforme aos proxectos especificados en cada un dos seguintes sectores:

1.- Persoas con diversidade funcional:

- Promover a axuda mutua e o apoio ás familias fomentando o desenvolvemento de programas de conciliación en igualdade de condicións co resto da poboación.
- Programas para a integración social das persoas con diversidade funcional e o seu entorno.

2.- Poboación inmigrante

- Favorecer o desenvolvemento de accións formativas e de preparación de acceso ao mercado laboral.
- Fomentar proxectos e actividades dirixidas, de xeito específico, a aqueles grupos de persoas inmigrantes en situación de vulnerabilidade ou exclusión, que teñan como finalidade a súa inclusión social.
- Programas que impulsen a interculturalidade e a convivencia e/ou que promovan unha imaxe positiva da poboación inmigrante, desmontando estereotipos e prexuízos existentes.

3.- Inclusión sociolaboral.

- Proxectos de integración social e laboral para os membros de aquelas familias en risco ou en exclusión social.
- Plans integrais de inclusión social de intervención na comunidade: dinamización comunitaria.
- Proxectos de intervención psicolóxica, social e educativa con unidades de convivencia potencialmente máis vulnerables.
- Plans de traballo personalizados, mediante accións de orientación, intermediación e formación, para persoas en proceso de inclusión social e laboral.

4.- Igualdade

- Proxectos de conciliación para as familias que teñen menores e/ou dependentes ao seu cargo.
- Actuacións dirixidas a ser unha alternativa para poder reincorporarse ao posto de traballo ou para a búsqueda activa de traballo en igualdade de oportunidades.
- Programas que promovan a igualdade de xéneros entre adolescentes.

5.- Terceira idade

- Proxectos de intervención cos nosos maiores nos casos de soidade non desexada.
- Proxectos de acompañamento social.
- Proxectos para promover cambios de estilos de vida, hábitos saudables e costumes.

6.- Sociosanitaria

- Programas de apoio e axuda mútua para persoas con necesidades específicas: demencias, párkinson, etc. e aos seus familiares.
- Impulsar actividades e/ou proxectos enfocados ao ámbito da saúde mental.

7.- Infancia e Xuventude

- Actividades de asistencia e acompañamento a menores e adolescentes en situacións ou procesos de dificultade familiar e/ou social transitoria.
- Programas para previr e atender as situacións de risco de nenos e adolescentes do municipio proporcionando o apoio axeitado fronte a súa fragilidade social.

- Programas para previr e atender situacións de adicións en xeral para adolescentes e os seus familiares.
- Programas para previr e atender conflitos paterno-filiales.
- Programas de prevención e/ou atención sobre bullying e ciberacoso a adolescentes e familias.

Artigo 3.- Entidades Beneficiarias e Obrigas

1. Poderán solicitar as subvencións obxecto da presente convocatoria as asociacións que desempeñen a súa labor no termo municipal de Cambre e estean legalmente constituídas e inscritas nos Rexistros Central ou Provincial de Asociacións adscritos á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, así como tamén no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellaría de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia.
2. Excepcionalmente, poderán solicitar esta subvención aquelas asociacións, entidades e institucións, aínda que non desempeñen os seus proxectos no ámbito municipal de Cambre, sempre e cando se beneficien veciños e veciñas empadroados no concello de Cambre e se axusten ao obxectivo e finalidade destas bases.
3. As entidades beneficiarias deberán estar ao corrente coas súas obrigas coa Axencia Tributaria, a Seguridade Social e a Facenda Local.
4. Non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiaria de subvencións (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).
5. Sinalar na difusión que se faga das actividades subvencionadas que contan co financiamento do Concello coa expresión "**subvenciona Concello de Cambre**". A lingua que se empregará nos distintos soportes de difusión da actividade será o galego. A publicidade de que a actividade da entidade conta coa subvención do Concello de Cambre, deberá constar sempre nas sedes das entidades respectivas en lugar visible, durante un período dun ano contado dende o día seguinte á data de notificación da subvención concedida, e en todo caso no lugar onde se desenvolva cada unha das actividades subvencionadas, segundo o modelo de cartel que se aproba xunto coas seguintes bases como Anexo X. No caso de que a entidade teña páxina web propia deberá facer constar na mesma a colaboración económica do concello ao publicitar as actividades.

Artigo 4.- Exclusiones

Non poderán ser beneficiarias as entidades de dereito público, as universidades, os partidos políticos, os colexios profesionais e outras entidades con animo de lucro.

Quedan igualmente excluídas as seguintes institucións:

- As institucións dependentes das entidades financeiras ou de crédito.
- Aquelas entidades que se atopen incursas en algunha das prohibicións reflectidas na Lei xeral de subvencións.

Artigo 5.- Financiamento

Para a concesión destas axudas existe crédito na aplicación orzamentaria "2023 231 48900 "Subvencións sen fin de lucro libre concorrencia accion social" por importe de 30.000,00 euros.

A axuda económica concedida non poderá superar a cantidade de 3.000,00 euros por proxecto.

Artigo 6.- Gastos subvencionables

1. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbidas respondan á natureza da actividade subvencionada, e teñan relación directa co obxecto que se subvenciona, tales como gastos de persoal, profesionais e subministracións. En todo caso, debe acreditarse de forma fidedigna na correspondente xustificación de gasto, que estes están relacionados directamente coa actividade.

2. Só serán subvencionables gastos correntes realizados e efectuados no período de vixencia do proxecto aprobado e referidas a actividades que se realicen entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2023. A estes efectos teranse en conta os seguintes gastos:

GASTO	CONDICIÓN	IMPUTACIÓN
Aluguer de inmobles	Afectos en a lo menos un 50% ó desenvolvemento do proxecto. De acreditarse que os inmobles estiveron afectos a outros proxectos o coeficiente poderá ser inferior sempre e cando se xustifique que a súa imputación global é igual ou superior ao 50 % previsto.	Polo custe do aluguer en proporción a súa afección ao proxecto
Aluguer de equipos ou material	Afectos en a lo menos un 80% ó desenvolvemento do proxecto. Serán valido os arrendamentos financeiro, renting e análogos. De acreditarse que os equipos estiveron afectos a outros proxectos o coeficiente poderá ser inferior sempre e cando se xustifique que a súa imputación global é igual ou superior ao 80 % previsto.	Polo custe do aluguer en proporción a súa afección ao proxecto
Gastos de desplazamento e transporte	Persoas beneficiarias do proxecto, realizados en execución do proxecto subvencionado.	Polo importe total
Gastos de suministros	Afectos ao 100% ó desenvolvemento do proxecto e así debe figurar na factura.	Polo importe total
Adquisición de material funxible	Afectos ao 100% ó desenvolvemento do proxecto e así debe figurar na factura.	Polo importe total
Soldos e Salarios	Persoal que estea directamente relacionado coa execución da actividade subvencionada.	Imputando períodos e xornadas adicadas ao proxecto
	Persoal administrativo contratado pola asociación beneficiaria cuxo contrato non figure relacionado en exclusiva co proxecto subvencionado	Imputarase nun 10 % do custe laboral de mesmo durante a vixencia do proxecto en concepto de gastos xerais.
	Dietas, desprazamentos do persoal contratado para o proxecto	Non serán imputados.
Tributos ou demais ingresos de dereito público		Non serán subvencionables
Gastos protocolarios		Non serán subvencionables
Gastos de alimentación	Só poderán ser imputados cando estes alimentos teñan relación directa co proxecto e sexan imprescindibles para a consecución dos obxectivos do mesmo (campañas de alimentos, comedores de conciliación,...) así debe figurar na factura.	Soamente nos casos indicados e imputados ó 100%.
Gastos de inversión	Investimentos ou gastos de carácter inventariable	Non serán subvencionables
Outros gastos	Gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais	Non serán subvencionables

En ningún caso, o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderán ser superior ao valor de mercado.

Artigo 7.- Solicitude e documentación

As solicitudes presentaranse a través do rexistro telemático nos seguintes enderezos electrónicos:

<https://sede.cambre.es> e <https://rec.redsara.es/registro/>, achegando de forma obrigatoria o formulario oficial de solicitude (Anexo I), acompañada da documentación reflectida:

- 1.- Anexo I - Solicitude de subvención, segundo o formulario, debidamente cumprimentado e asinado pola Presidencia da entidade.
 - En caso de non autorizar no Anexo I, a que o Concello de Cambre poida solicitar os certificados de estar ao corrente coa Axencia Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e coa Xunta de Galicia, as entidades deben presentar os certificados correspondentes.
 - Fotocopia do documento que acredite a inscrición no Rexistro de Entidades correspondente.
 - Fotocopia do CIF da entidade.
 - Fotocopia dos estatutos da entidade, e modificacións no seu caso.
 - Documentación acreditativa da capacidade da persoa que actúe como representante legal da asociación ou entidade para actuar no seu nome e representación.
- 2.- Anexo II- Declaración da presidencia da entidade do cumprimento da obriga de comprobación de delitos de natureza sexual. As entidades que presenten un proxecto, programa ou actividade que se desenvolva con menores, deberán solicitar o Certificado de Delitos de Natureza Sexual do persoal ao cargo, conforme non foron condenados por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. (de acordo coa Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación do Código Civil e da Lei de axuizamento civil).
- 3.- Anexo III. Declaración responsable asinado polo/a presidente/a da entidade no que se detallan as subvencións ou axudas solicitadas e/ou concedidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, ou ben, certificado de non ter outras axudas.
- 4.- Anexo IV. Proxecto orixinal no que se detalle a actividade ou programa que se pretende subvencionar seguindo o modelo, deberá contemplar como mínimo os seguintes aspectos: denominación do proxecto, descrición da actividade, xustificación cualitativa á necesidade da posta en marcha do proxecto, programación a desenvolver e obxectivos, así como recursos empregados (materiais, técnicos, humanos,...).
- 5.- Anexo V. Orzamento detallado dos gastos e ingresos desegregados por concepto e importes, previstos para desenvolver a actividade, segundo o modelo.
- 6.- Memoria de actividades e programas realizados durante o exercicio do 2022.

O Concello de Cambre poderá requirir a achega de calquera outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para unha mellor valoración das solicitudes e proxectos.

Artigo 8.- Prazo de presentación das solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será **dun mes** contado a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP, a través da BDNS.

Artigo 9.- Criterios de Valoración

O outorgamento das subvencións ás entidades de acción social sen ánimo de lucro atenderá aos principios de obxectividade e igualdade.

Se repartirá un máximo de 100 puntos co seguinte detalle:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

CRITERIOS DE AVALIACIÓN TÉCNICA

Adecuación do proxecto presentado (Máximo 50 puntos):

1. **A correcta presentación do proxecto** en canto ao grado de elaboración, detalle e concreción nos seguintes aspectos: descrición, obxectivos, ámbito de actuación, temporalización, persoas destinatarias e empadroadas en Cambre e tipos e recursos empregados. **Ata 20 puntos.**

Alta concreción na presentación (Todos os criterios)	20 puntos
Bastante concreción (4 criterios)	15 puntos
Máis/menos concreción (2/3 criterios)	10 puntos
Pouca concreción (1 criterio)	5 puntos
Nada de concreción (0 criterios)	0 puntos

Criterios de presentación do proxecto:

1. Establecen claramente a descrición do proxecto.
2. Establecen claramente os obxectivos.
3. Establecen unha temporalización e un ámbito de actuación congruentes cos obxectivos e descrición do proxecto.
4. Indica o número de persoas destinatarias con claridade e concreta as que están empadroadas en Cambre.
5. Establece os recursos e tipos necesarios e son congruentes cos obxectivos, descrición e temporalización do proxecto.

2. Impacto e repercusión social das actuacións propostas. Ata 15 puntos

Alto impacto e repercusión social (Todos os criterios)	15 puntos
Pouco impacto e repercusión social (1 criterio)	7 puntos
Nada de impacto e repercusión social (0 criterios)	0 puntos

Criterios de impacto e repercusión social:

1. Os efectos producidos polas actuacións desenvolvidas son satisfactorios en relación ás necesidades existentes.
2. Mellora a calidade de vida das persoas destinatarias, producindo efectos positivos nas mesmas.

3. Mecanismos de coordinación. Ata 10 puntos

Coordinación con administracións públicas e servizos municipais para o desenvolvemento do proxecto presentado	5 puntos
Coordinación con outras entidades e entidades privadas para o desenvolvemento do proxecto presentado	5 puntos

4. Emprego dunha linguaxe inclusiva. Ata 5 puntos

Emprego dunha linguaxe inclusiva	5 puntos
Non emprego dunha linguaxe inclusiva	0 puntos

CRITERIOS DE AVALIACIÓN AUTOMÁTICA (Máximo 50 puntos):

1. Domicilio fiscal. Ata 10 puntos

Entidade con domicilio fiscal e/ou social en Cambre	10 puntos
---	-----------

Entidade sen domicilio fiscal e/ou social en Cambre	0 puntos
---	----------

2. Viabilidade económica do proxecto. Ata 10 puntos

O petionario solicita subvención municipal que financie gastos de proxecto nunha porcentaxe comprendida entre o 100% e o 70% do total reflectido no Orzamento desagregado de gastos e ingresos (anexo V)	0 puntos
O petionario solicita subvención municipal que financie gastos de proxecto nunha porcentaxe inferior ao 70 % e ata o 50% do total reflectido no Orzamento desagregado de gastos e ingresos (anexo V)	4 puntos
O petionario solicita subvención municipal que financie gastos de proxecto nunha porcentaxe inferior ao 50 % e ata o 35% do total reflectido no Orzamento desagregado de gastos e ingresos (anexo V)	8 puntos
O petionario solicita subvención municipal que financie gastos de proxecto nunha porcentaxe inferior ao 35 % do total reflectido no Orzamento desagregado de gastos e ingresos (anexo V)	10 puntos

3. Continuidade do proxecto. Ata 5 puntos

Continuidade no tempo dos programas e/ou actividades 3 anos ou máis	5 puntos
Continuidade no tempo dos programas e/ou actividades 2 anos	3 puntos
Non continuidade no tempo dos programas e/ou actividades máis dun ano	0 puntos

4. Emprego da lingua galega. Ata 5 puntos

Emprego da lingua galega na documentación aportada e nos distintos soportes de difusión	5 puntos
Non emprego da lingua galega na documentación aportada e nos distintos soportes de difusión	0 puntos

5. Número de persoas beneficiarias empadroadas en Cambre. Ata 20 puntos

Entre 1 e 5 persoas beneficiarias empadroadas en Cambre	3 puntos
Entre 6 e 15 persoas beneficiarias empadroadas en Cambre	8 puntos
Entre 16 e 35 persoas beneficiarias empadroadas en Cambre	12 puntos
Mais de 35 persoas beneficiarias empadroadas en Cambre	20 puntos

2. Unha vez valoradas todas as solicitudes, segundo o crédito dispoñible, a puntuación total obtida servirá para calcular o importe de cada entidade mediante un sistema proporcional de reparto, calculado mediante a seguinte fórmula:

$$\frac{\text{Puntuación obtida} \times \text{Cantidade global de subvención}}{\text{Puntuacións totais}}$$

Puntuación obtida: Suma total das puntuacións alcanzadas en cada criterio de valoración.

Cantidade global: Importe total a repartir entre todas as solicitudes.

Puntuación total: Suma das puntuacións de todos os solicitantes.

No caso que da aplicación da fórmula algún proxecto superase os 3.000 €, tomarase este límite á hora de propor a cantidade subvencionada.

Se por mor desta rebaixa non se levasse a cabo o reparto total da partida destinada a esta liña de subvención, non se levará a cabo un novo reparto que desvirtuaría os criterios desta convocatoria. De querer proceder ó reparto de estes saldos



deberá de realizarse unha nova convocatoria para novos proxectos, cas mesmas bases dentro de este exercicio establecendo como contía de reparto o saldo non repartido e ampliando nesa convocatoria a presentación de documentación ata 4 de decembro de 2023. Esta convocatoria poderá ser aprobada pola concelleira delegada.

Artigo 10.- Procedemento de concesión e notificación

O procedemento de concesión das subvencións reguladas na presente convocatoria entenderase iniciado coa aprobación e publicación da convocatoria.

Se por parte do órgano xestor observáranse deficiencias nas solicitudes presentadas, se requirirá a entidade participante para que, nun prazo de dez días, proceda a subsanar a falla ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que si así non o fixera, entenderase desistido da súa petición previa resolución, de acordo co disposto na lexislación vixente.

No caso de que algunha entidade presente máis de tres proxectos, requiriráselle que no prazo de dez días hábiles delimite expresamente os 3 que han de ser avaliados, sen que se estudie ningunha das súas solicitudes ata que se concrete dita selección pola entidade. De non cumprimentar este trámite entenderase que desiste de todas as súas solicitudes de subvención.

Unha vez rematado este trámite procederase a valoración das mesmas conforme as bases da subvencións. A estes efectos se convocara unha comisión de avaliación na que se procedera a valorar cada un dos programas de acordo cos criterios de valoración recollidos no artigo 9 e proporase a denegación das solicitudes que non cumpran os requisitos. No caso de criterios de avaliación técnica se motivarán as puntuacións de maneira sucinta. No caso de criterios de avaliación automática non será necesaria a motivación dos mesmos. A comisión de avaliación estará composta por:

Presidenta: A concelleira da Área de Benestar social.
Secretaria: Persoal funcionario que se designe ao efecto.

Vogais:

A coordinadora de servizos sociais.
Un/unha educador/a social da Área de Benestar social.
Un/unha traballador/a social da Área de Benestar social.

Con base na proposta formulada, as axudas serán concedidas ou denegadas por resolución da Alcaldía ou concellería delegada, no seu caso, que será notificada ás persoas interesadas, previa fiscalización da intervención municipal. A notificación da resolución de concesión deberá facerse nun prazo máximo dun mes a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de presentación de solicitudes. De non producirse resolución expresa neste prazo, a solicitude entenderase desestimada.

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o **Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal**, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás entidades interesadas avisos da posta á disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo que conste na solicitude para os efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación por medios electrónicos entenderase rexeitada cando transcorran DEZ días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practica a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 11.- Prazo e forma de xustificación (deben presentar unha por proxecto subvencionado)

As persoas beneficiarias da subvención deberán presentar a documentación con data límite **do 5 de decembro de 2023** a través de rexistro telemático, a documentación xustificativa do cumprimento do proxecto ou actividade subvencionada segundo o formulario de xustificación, que comprende:

- a. Anexo VI - Formulario de xustificación, debidamente asinado.
- b. Anexo VII - Memoria das actividades e/ou programas realizados e obxecto da subvención. Esta memoria deberá detallar os contidos, grado de cumprimento dos obxectivos, calidade técnica, recursos empregados e procedemento de avaliación así como duración, temporalización, lugar de realización e características da poboación á que se dirixe indicando o número de persoas beneficiarias participantes empadroadas no Concello de Cambre. A memoria poderá incluír tamén todos aqueles aspectos que os profesionais e a entidade consideren de interese.
- c. Anexo VIII - Certificado asinado polo/a presidente/a e secretario/a da entidade da relación clasificada de todos os gastos do proxecto e actividade, con identificación do acredor e documento, importe, concepto e data de emisión, data e medio de pago, porcentaxe imputable ao proxecto subvencionado. A relación deberá comprender todos os gastos realizados polo beneficiario para o desenvolvemento das actividades, aínda que o seu concepto non sexa subvencionado polo Concello, para os efectos de comprobar que o gasto realizado non é inferior aos ingresos percibidos e imputables ao obxecto a subvencionar. A entidade deberá contar cun Rexistro cronolóxico de cobros e pagos que inclúan debidamente identificados, entre outros, os relativos a actividade obxecto de financiación nas presentes bases, tendo os efectos previstos no artigo 17.3 h) da Lei xeral de subvencións e no artigo 11. f) e g) da Lei de subvencións de Galicia, ademais daqueles libros e rexistros contables que as normas que lle sexan de aplicación no ámbito contable establezan.

No seu defecto poderase presentar certificado de idéntico contido coa relación completa de todos os gastos nun único documento.

- d. Anexo IX - Certificado asinado polo/a presidente/a e secretario/a da entidade de cumprimento da finalidade para a cal se outorga a subvención conforme ao proxecto presentado ou de que se produciron desviacións respecto ás previsións iniciais, e no que se detallan as subvencións ou axudas solicitadas e/ou concedidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, ou en caso contrario, de non ter outras axudas ou subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

Cando a actividade fose financiada, ademais de con subvencións, con fondos propios ou outros recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos á actividade subvencionada.

- e. Copia das facturas orixinais ou documentos válidos para acreditar o gasto. Deberá estenderse polo secretario/a da entidade no orixinal da factura, antes do seu escaneado, unha dilixencia na que se faga constar que a factura foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención por parte do Concello de Cambre.

No caso de presentar declaración de axudas doutros organismos ou entidades de carácter público ou privado, as facturas xustificativas a presentar deberán ser, cando menos, da suma das cantidades percibidas.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal cantidade que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

As facturas deberán especificar de forma detallada, o número e concepto dos servizos prestados ou do material adquirido, os prezos unitarios así como calquera outra información que facilite a comprobación de que estes documentos se axustan ao obxecto da subvención. Non se admitirán como xustificante de gasto, as facturas nas que non se detallan os anteditos aspectos ou que non estean a nome da entidade ou asociación solicitante.

Para xustificar os gastos de persoal da entidade, deberá aportar nóminas, e será obrigatorio achegar os documentos DCL (Documento de Cálculo de Liquidacións) e RNT (Relación Nominal de Traballadores). O DCL deberá ir acompañado do xustificante bancario.

Tamén será necesario aportar os Modelos 111 de retencións e ingresos a conta do IRPF, dos períodos correspondentes ao desenvolvemento do proxecto. Deberán ir acompañado do xustificante bancario.

O pagamento das facturas e xustificantes de gastos validos debe realizarse a través de entidade financeira. Poderá empregarse como medio de pago a transferencia bancaria, tarxeta de crédito ou débito, cheque nominativo ou calquera outro medio que permita deixar constancia do importe, data de pago e perceptor dos fondos.

- f. Xustificantes de pago.
- g. Acreditación da publicidade que se faga das actividades subvencionadas mediante a presentación de fotografía do cartel, segundo modelo aprobado no Anexo X das presentes bases, situado nun lugar visible na sede da entidade ou lugar que se estableza no artigo 3.5, e que sexa demostrativo de que se efectúa a difusión da subvención concedida.
- h. Certificación Bancaria do número IBAN de conta titularidade da entidade beneficiaria sinalado para o pagamento da subvención.

Finalizado o prazo sen que a entidade presentase a documentación xustificativa do cumprimento do obxecto da subvención, o departamento de servizos sociais requiriralle para que no prazo improrrogable de 15 días, presente a xustificación correspondente. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención.

O concello reducirá a contía da subvención concedida proporcionalmente ao gasto non xustificado no desenvolvemento da actividade si, no momento de acreditar o gasto, este resultase inferior respecto ao concedido.

Artigo 12.- Pago da subvención

Vista a documentación xustificativa presentada, logo do informe-proposta da unidade xestora e do informe de fiscalización da intervención municipal, o órgano competente valorará se cumpríu a finalidade básica obxecto da subvención e, neste caso, aprobará os xustificantes presentados, correspondéndolle ao Alcalde, ou concelleiro/a competente en caso de delegación, o recoñecemento das obrigas correspondentes, así como a aprobación do pagamento mediante transferencia bancaria.

O importe mínimo que se ha de xustificar a través de facturas e xustificantes válidos de gasto para poder percibir a totalidade da subvención concedida será o reflectido pola entidade como gasto total do proxecto ou actividade na solicitude da subvención municipal concedida.

No caso de ter outras subvencións ou ingresos propios para o mesmo obxecto que, en concorrencia coa subvención municipal, teñan un importe superior aos gastos previstos inicialmente, o orzamento subvencionado que se ha de xustificar ascenderá á suma das subvencións e demais ingresos afectos.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días hábiles para a súa subsanación. Pasado este prazo sin que se presentase nova documentación ou documentación rectificadora, entenderase que desiste do seu pedimento, ditándose resolución de perda do dereito á percepción da subvención, que lle deberá ser notificada á entidade beneficiaria.

O abono da subvención concedida realizarase nun pago único mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

Artigo 13.- Circunstancias que modifican a resolución de concesión e reintegro

A resolución de concesión da subvención poderá modificarse en virtude da concorrencia de algunha das seguintes circunstancias:

- Que con posterioridade á concesión da axuda se reciban outras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público, de xeito que a suma de todas elas supere o custe da actividade.
- Que por causas de forza maior que o impidan, varíen os obxectivos e contidos da actividade subvencionada.
- O incumprimento total dos fins para os que foi concedida a axuda dará lugar a anulación do 100% da axuda concedida.



- Os demais previstos na Lei Xeral de Subvencións.

Artigo 14.- Obrigas de transparencia

De acordo co disposto no artigo 8 da lei 13/2013 de Transparencia, acceso á información e bo goberno, a entidade beneficiaria e o concello de Cambre están obrigados a publicar as subvencións concedidas con indicación do importe, obxecto, finalidade e persoas beneficiarias.

Artigo 15.- Protección de datos de carácter persoal

Os datos persoais que deban facilitar as entidades, o serán para os efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter esta axuda e serán tratados para os efectos da súa concesión e comprobación da xustificación presentada sendo responsable do tratamento dos datos o departamento de servizos sociais.

Para os efectos da Lei orgánica 3/2018 do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o solicitante ou representante legal, así como calquera outra persoa ou persoas que acheguen datos persoais á solicitude, autorizan de xeito voluntario, específica, informada e inequívoca ao Concello de Cambre, a través da Concellería da Área de servizos sociais, a incorporar os datos persoais recollidos a un ficheiro automatizado responsabilidade desta área, que ten por finalidade dar cumprimento ás funcións a realizar dentro do proceso de trámite, xestión e prestación de servizos públicos encomendados coa implantación da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia e o seu desenvolvemento regulamentario, garantindo o responsable do tratamento de datos, así como todas as persoas que interveñan en calquera fase do tratamento, o deber de confidencialidade ao que se refire o artigo 5.1.f) do Regulamento (UE) 2016/679. Esta obriga é complementaria dos deberes de secreto profesional de conformidade coa súa normativa aplicable.

Artigo 16.- Incorporación ao Rexistro Público de Subvencións e publicación da subvención concedida

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

Artigo 17.- Réxime aplicable

En todo aquilo non previsto nesta convocatoria será de aplicación a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, as bases de execución do Orzamento para o exercicio 2023, no Plan Estratéxico de subvencións de Cambre 2020-23 e demais lexislación vixente en materia de subvencións públicas e de procedemento administrativo.

ANEXO I

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

D./Dña..... con CIF.....
en calidade de da entidade denominada
....., con CIF..... e domiciliada
en....., inscrita no Rexistro de Entidades co número..... e con
endereço en

Teléfono de contacto..... e correo electrónico a efectos de notificacións

EXPÓN:

Que a vista da convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva en materia de servizos sociais para o exercicio 2023,

SOLICITA:



Lle sexa concedida unha subvención para o proxecto denominado.....
..... que implica un custe total de.....euros, para o cal se adxunta a documentación recollida no artigo 7 desta convocatoria e que se relaciona a continuación:

a. Anexo I – Modelo de solicitude.

En caso de non autorizar no Anexo I:

- b. Certificado de estar ao corrente coa Axencia Tributaria.
- c. Certificado de estar ao corrente coa Tesourería xeral da Seguridade Social
- d. Certificado de estar ao corrente coa Facenda da Xunta de Galicia.

- e. Fotocopia documento que acredite a inscrición no Rexistro de Entidades correspondente.

- f. Fotocopia do CIF da entidade

- g. Fotocopia dos estatutos da entidade

- h. Documentacion que acredite a capacidade da persoa que actue como representante legal da asociacion ou entidade para actuar no seu nome e representación

- i. Anexo II - Declaración de comprobación de delitos de natureza sexual, no caso de actividades con menores, firmado polo representante da entidade.

- j. Anexo III - Declaración das subvencións ou axudas solicitadas e/ou concedidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto

- k. Anexo IV – Proxecto – Memoria

- l. Anexo V - Orzamento detallado de ingresos e gastos.
- m. Memoria de actividades e programas realizados durante o exercicio do 2022.

DECLARA:

- Que todos e cada un dos datos consignados na presente solicitude son certos e comprobables documentalmete, quedando enterado/a que o ocultamento ou falsidade deles dará lugar á esixencia das responsabilidades que diso puideran derivarse, así como da obriga de comunicar ao CONCELLO DE CAMBRE, calquera variación dos datos declarados ou acreditados que puideran producirse no sucesivo.
- Que de conformidade co establecido na normativa reguladora das subvencións públicas, a entidade non está incurso en ningunha causa de prohibición que lle impidan obter a condición de beneficiaria da subvención solicitada.
- Atoparse ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.
- Que na difusión que se faga das actividades subvencionadas especificarase que se conta co financiamento do concello de Cambre.

AUTORIZA:

A presentación da solicitude conleva a autorización ao órgano xestor para recabar as certificacións de que a entidade solicitante estea ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, a Tesourería xeral da Seguridade Social e a Xunta de Galicia, en aplicación do disposto no artigo 20.3 da Lei de subvencións de Galicia.

Non autorizo (neste caso achegarse a documentación correspondente)



NOTA INFORMATIVA: Os datos recollidos na presente solicitude facilitaranse de forma voluntaria; en caso de non facelo non será posible o seu trámite. Estes datos serán incorporados a un ficheiro automatizado coa exclusiva finalidade da resolución do expediente, e o tratamento é responsabilidade da dirección do Concello de Cambre, Área de servizos sociais, e respecto deles, poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Existe a posibilidade de cesión dos datos a outras administracións, entidades ou organismos públicos ou privados, para o cumprimento de fins directamente relacionados coas funcións lexítimas destas entidades e do Concello de Cambre.

Cambre, de de 2023.

Asdo.: A Presidencia

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO CONCELLO DE CAMBRE

ANEXO II – DECLARACION DE COMPROBACION DE DELITOS DE NATUREZA SEXUAL

D./Dona , con NIF ,

como da entidade

con NIF .

DECLARO:

Que a entidade non realizou actividades que impliquen o contacto con menores.

Que se comprobou, de acordo coa Lei Orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación do Código Civil e da Lei de axuízamento civil, que o persoal que ten contacto habitual con menores, no desenvolvemento da actividade subvencionada, non foi condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.

Cambre, a de de 2023.

Asdo.: A Presidencia

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO CONCELLO DE CAMBRE



ANEXO III - DECLARACION RESPONSABLE DAS SUBVENCIONS OU AXUDAS SOLITADAS E/OU CONCEDIDAS PARA O MESMO OBXECTO

D./Dona
con NIFen calidade deda entidade denominada
con NIF

DECLARA:

- Que a entidade non solicitou ningunha outra subvención ou axuda para o mesmo obxecto.
- Que as axudas públicas e/ou privadas solicitadas e, no seu caso, concedidas para o mesmo proxecto son as seguintes:

NOME DA ENTIDADE	IMPORTE
TOTAL	

E para que así conste aos efectos oportunos, asino a presente declaración.

Cambre, de de 2023.

Asdo: A Presidencia

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO CONCELLO DE CAMBRE



ANEXO IV - PROXECTO - MEMORIA PARA O QUE SOLICITA A SUBVENCIÓN

1. Denominación do proxecto:

.....

2. Descrición:

.....
.....
.....

3. Programación a desenvolver e obxectivos a acadar:

3.1 Obxectivos:

-
-
-
-

3.2 Ámbito de actuación

.....
.....

3.3 Temporalización

.....
.....

3.4 Total persoas destinatarias

.....
.....

3.5 Persoas empadroadas en Cambre

.....

3.6 Continuidade no tempo do programa/actividade

.....

4. Recursos empregados e tipos:

.....
.....
.....
.....

Cambre, a de de 2023.

Asdo.: A Presidencia

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO CONCELLO DE CAMBRE



ANEXO V - ORZAMENTO PREVISTO DOS GASTOS E INGRESOS DESAGREGADO POR CONCEPTOS

1. Denominación do proxecto:

.....
.....

2. Gastos do proxecto:

Conceptos	Importe
Total gastos	

3. Ingresos do proxecto:

Conceptos e procedencia	Importe
Total ingresos	

Cambre, de de 2023.

Asdo.: A Presidencia

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO CONCELLO DE CAMBRE



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

ANEXO VI – FORMULARIO DE XUSTIFICACION DA SUBVENCION MUNICIPAL 2023 EN MATERIA DE SERVICIOS SOCIAIS.

D./Dona con NIF.....
en calidade de da entidade denominada
.....
con CIF..... e con
.....
.....

Teléfono de contacto..... e correo electrónico a efectos de notificacións

Achega memoria e documentación requiridas para a xustificación da subvención municipal en materia de servizos sociais concedida para a actividade e/ou programa

DENOMINACIÓN DO PROXECTO: _____

TOTAL CONCEDIDO: €.

TOTAL XUSTIFICADO: €.

para o cal se adxunta a documentación recollida no artigo 11 desta convocatoria e que se relaciona a continuación:

- Anexo VI- Formulario de xustificación
- Anexo VII - Memoria das actividades e/ou programas realizados, segundo modelo.
- Anexo VIII – Certificado de gastos reslizados.
- Anexo IX - Certificado de cumprimento, ou non, coa finalidade do proxecto inicial e das subvención ou axudas solicitadas e/ou concedidas e outros ingresos para o mesmo obxecto
- Facturas.
- Xustificantes de pago.
- Nóminas.
- DLC e RNT.
- Modelos 111
- Cartel de acreditación da publicidade onde figure o Concello de Cambre como entidade subvencionadora.
- Certificación bancaria co número de conta a efectos de pago da subvención.

Cambre, a de de 2023.

Asdo.: A Presidencia

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO CONCELLO DE CAMBRE



ANEXO VII - MEMORIA DAS ACTIVIDADES E/OU PROGRAMAS REALIZADOS

1. Denominación do proxecto:

.....

2. Grado de cumprimento dos obxectivos:

.....
.....

3. Recursos empregados e tipos:

-
-
-
-
-
-

4. Procedemento de avaliación:

.....
.....
.....

5. Duración, temporalización e lugar de realización:

.....
.....
.....

6. Características da poboación:

.....
.....

7. Outros datos de interese:

.....
.....

Cambre, a de de 2023.

Asdo.: A Presidencia

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO CONCELLO DE CAMBRE

ANEXO VIII - CERTIFICACION DE GASTOS REALIZADOS

D./Dña., con NIF.....
como secretario/a da entidade

CERTIFICA:

- Que a entidade conta cun rexistro cronolóxico de cobros e pagos, nos que se inclúen debidamente identificados, entre outros, os relativos a actividade obxecto de financiamento das presentes bases, tendo os efectos previstos no artigo 17.3 h) da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 11.f) e g) da Lei de Subvencións de Galicia, ademais daqueles libros e rexistros contables que as normas que lle son de aplicación no ámbito contable establezan.
- Que os gastos realizados imputables ao proxecto ou actividade subvencionada son os seguintes:

GASTO CORRENTE:

EMISOR	NIF / CIF	NUM FRA.	DATA DE EMISION	DATA DE PAGO	MEDIO DE PAGO	CONCEPTO	IMPORTE BRUTO	PORCENTAX E IMPUTABLE	IMPORTE IMPUTABLE AO PROXECTO
								SUBTOTAL	

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 27/03/2023 09:54:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 27/03/2023 11:30:00)

Versión imprimible

CVD: 6Pz7AuxrJUvc6nMUymVP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

GASTOS POR RETRIBUCIÓN DO PERSOAL:

NOME DO TRABALLADOR/A	NIF / CIF	CONCEPTO (Nóminas, Seguridade Social, IRPF...)	DATA DE EMISION	DATA DE PAGO	MEDIO DE PAGO	IMPORTE BRUTO	PORCENTAX E IMPUTABLE	IMPORTE IMPUTABLE AO PROXECTO
							SUBTOTAL	

TOTAL DE GASTO: EUROS

E para que conste a efectos de xustificación do cobro da subvención referida, expídese a presente certificación en.....de.....de 2023.

Asdo.:

A Secretaría

Vº e prace:
A Presidencia

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO CONCELLO DE CAMBRE



ANEXO IX - CERTIFICADO DE CUMPRIMENTO COA FINALIDADE OBXECTO DA SUBVENCION E OUTRAS SUBVENCION E AXUDAS PARA O MESMO OBXECTO

D./Dña., con NIF.....
como secretario/a da entidade

CERTIFICA:

- Que a finalidade para a cal se outorga a subvención foi cumprida conforme ao proxecto presentado.
- Que se produciron desviacións respecto ás previsións iniciais do proxecto presentado para o cal se outorga a subvención.
- Que a entidade non solicitou ningunha outra subvención ou axuda para o mesmo obxecto.
- Que as axudas públicas e/ou privadas solicitadas e, no seu caso, concedidas para o mesmo proxecto son as seguintes:

NOME DA ENTIDADE	SOLICITADA	CONCEDIDA	IMPORTE
TOTAL SUBVENCIONS			

- Que se obtiveron os seguintes ingresos en concepto de cotas e/ou outros ingresos afectos á actividade e/ou programa subvencionado:

OUTROS INGRESOS	IMPORTE
Cotas actividade (usuarios)	
Outros ingresos:	
TOTAL INGRESOS	

- Que para o financiamento do proxecto se destinou un importe de _____ euros procedente de fondos propios non afectos á actividade e/ou programa subvencionado

E para que conste a efectos de xustificación do cobro da subvención referida, expídese a presente certificación en.....de.....de 2023.

Asdo.:
A Secretaría

Vº e prace:
A Presidencia

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO CONCELLO DE CAMBRE

ANEXO X

SUBVENCIONA



Segundo: Autorizar un gasto por importe de *trinta mil euros* (30.000,00 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 2023 231 48900 "Subvencións sen fin de lucro libre concorrencia acción social".

Terceiro: Publicar os presentes acordos no *Boletín oficial da Provincia* e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Cuarto: No caso de que non se presenten, entenderase definitivamente aprobadas as Bases reguladoras para a convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva en materia de servizos sociais para o exercicio 2023, e publicaranse no *Boletín Oficial da Provincia*, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Quinto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación das bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.»

Non producíndose debate, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Benestar Social de data 13 de febreiro de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Trece (13), dos/as Sres./as: García Patiño, González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Sanguinedo Álvarez, Gutiérrez Nieto, Parceros Quiñoy, Alcantarilla Rei, Varela Fraguío e Sánchez Vieites.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Sete (7), dos/as Sres./as: Abalo Castex, González Roel, Carballada Rodríguez, Cubeiro Fernández, Santos López, García Hidalgo e Vázquez Golpe.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada da Área de Benestar Social de data 13 de febreiro de 2023 (CVD: hXbisVGx5/iicj1ikwz4), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

1.2. MOCIÓNS URXENTES EN ASUNTOS DE COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA

Acceso á videoacta – 00:20:04 horas

A Presidencia dá conta do escrito presentado por dona Marta María Vázquez Golpe, rexistrado de entrada ao núm. 202399900000834 o día 17 de setembro de 2023, no que comunica que ten solicitado a súa baixa no Partido Popular e, polo tanto, no Grupo Municipal que na dita Corporación o representa e solicita se realicen os trámites oportunos co fin de continuar na Corporación como concelleira non adscrita.

Seguidamente, a Presidencia somete a ratificación do pleno a inclusión na orde do día, por razóns de urxencia, da moción da Alcaldía de data 22 de febreiro de 2023 (CVD: jrRQdDdLDHypHGfhra0Y), que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión, e que transcrita di o seguinte:

“MOCIÓN

Trala constitución da Corporación municipal, que tivo lugar na sesión plenaria do día 15 de xuño de 2019, procedeuse a creación dos órganos complementarios, entre outros, as Comisións Informativas Permanentes, Comisión Especial de Contas e a Comisión Especial de Honores e Distincións.

O Pleno da Corporación en sesión extraordinaria do día 8 de xullo de 2019 acordou a creación das seguintes Comisións Informativas:

- Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico.
- Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade.
- Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social
- Comisión Especial de Contas.
- Comisión Informativa Especial de Honores e Distincións.

De igual modo acordouse que as Comisións Informativas estarían integradas por 13 membros, coa seguinte adscrición por cada grupo municipal segundo a súa representatividade no Pleno:

- 5 de UxC
- 3 do PSdG-PSOE
- 2 do PP
- 1 do BNG
- 1 de Alternativa dos Veciños
- 1 do Grupo Mixto

Visto que con data 17 de febreiro de 2023, con rexistro de entrada núm. 202399900000834, a concelleira dona Marta María Vázquez Golpe presenta escrito no que comunica que solicitou a baixa no Partido Popular, e polo tanto no grupo municipal que o representa na Corporación, e solicita continuar na Corporación como concelleira non adscrita, pois tal renuncia supón o abandono do grupo municipal popular.

Visto que, segundo o disposto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os membros das corporacións locais que abandonen o seu grupo de procedencia terán a consideración de membros non adscritos.

Considerando que, á vista do abandono pola Sra. Vázquez Golpe do grupo municipal do PP, faise necesario modificar a composición das Comisións Informativas.

Proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Modificar o acordo adoptado polo Pleno en sesión do 8 de xullo de 2019, resultando que as Comisións Informativas Permanentes, a Comisión Especial de Contas e a Comisión Especial de Honores e Distincións estarán integradas por trece membros:

- Cinco (5) representantes do grupo municipal de UxC
- Tres (3) representantes do grupo municipal do PSdeG-PSOE
- Un (1) representante do grupo municipal do Partido Popular
- Un (1) representante do grupo municipal do BNG
- Un (1) representante do grupo municipal de Alternativa dos Veciños
- Un (1) representante do Grupo Mixto
- Unha (1) concelleira non adscrita

A designación concreta do/a representante do grupo municipal do PP nas diferentes Comisións Informativas farase por escrito do seu voceiro.

Segundo.- Para todo o demais manterase en idénticos termos o acordo plenario adoptado con data 8 de xullo de 2019.”

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 22 de febreiro de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Quince (15), dos/as Sres./as: García Patiño, González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Sanguñedo Álvarez, Gutiérrez Nieto, Parcero Quiñoy, Alcantarilla Rei, Varela Fraguío, Sánchez Vieites, García Hidalgo e Vázquez Golpe.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Cinco (5), dos/as Sres./as: Abalo Castex, González Roel, Carballada Rodríguez, Cubeiro Fernández e Santos López.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 22 de febreiro de 2023 (CVD: jrRQdDdLDHypHGfhra0Y), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

2. PARTE DECLARATIVA

2.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

Acceso á videoacta – 00:22:36 horas

A continuación, de orde da Presidencia, a Sra. secretaria xeral dá lectura a declaración institucional “8 de marzo, Día Internacional da Muller”, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social, na sesión de data 16 de febreiro de 2023, que transcrita di:

«DECLARACIÓN INSTITUCIONAL 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

Foron moitos os avances conseguidos, pero persisten as desigualdades, a discriminación e a violencia ás mulleres polo feito de selo, ante este feito non caben mornezas e non é entendible ser neutrais.

O 8 de marzo foi proclamado o Día Internacional polos Dereitos da Muller pola Organización das Nacións Unidas en 1975. Desde entón, é un día de celebración polos avances que conseguimos ao longo da historia e de reivindicación polo que nos queda por alcanzar en materia de igualdade entre mulleres e homes en todos os ámbitos da vida.

É indubidable que España é referente en materia de igualdade, o noso marco normativo é exemplo para moitos países que nos recoñecen a firme defensa dos dereitos das mulleres situándonos á cabeza no Índice Europeo de Igualdade de Xénero.

Este ano convócanos a necesidade de afianzar todos os avances conseguidos deixando de lado o ruído que pretenden facer algúns sectores ao sentirse ameazados nos seus privilexios adquiridos na sociedade machista cuns valores onde o papel da muller en xeral e ao longo da historia foi ignorado e infravalorado.

Non debemos esquecer os colectivos vulnerables onde as mulleres atópanse en situacións de discriminación múltiple: por ser mulleres e por ter unha discapacidade, ser dunha raza ou etnia concreta, ter unha determinada idade ou vivir e traballar fóra das grandes cidades ou núcleos de poboación.

Neste sentido temos en conta ás mulleres do mundo rural e o seu papel fundamental no desenvolvemento de actuacións relacionadas coa loita contra o despoboamento e o reto demográfico.

No aspecto laboral, vendo os datos dos diferentes indicadores como traballo a tempo parcial, salarial, sectores produtivos, carreira profesional etc., as condicións de traballo das mulleres son peores que as dos homes, tendo pouca presenza en determinados sectores profesionais e en cargos de dirección empresarial.

Ata hai uns anos o pensamento xeneralizado era que a violencia contra as mulleres era consecuencia de actitudes individuais e do ámbito privado. Grazas aos avances conquistados e á maior visibilización e sensibilidade por parte da sociedade conseguiuase situala no centro das preocupacións, con categoría de problema social, coa obrigaón de dar resposta inmediata desde os poderes públicos. As violencias de xénero constitúen a cara máis escura da desigualdade. Desde o ámbito local debemos seguir co compromiso de construír unha sociedade igualitaria, que garanta os dereitos de todas as persoas, así como a participación activa na vida local.

Estes compromisos débense plasmar no deseño e xestión dunhas políticas locais que convertan ás nosas sociedades en motores de transformación. É por iso que o Concello de Cambre adhírese a esta Declaración promovida polos gobernos locais reunidos na FEMP, e propoñemos:

1. Intensificar os esforzos no desenvolvemento de políticas encamiñadas a fomentar o emprego, o empoderamento e a educación para a igualdade de oportunidades.
2. Incorporar a perspectiva de xénero en toda a actividade local e establecer unha coordinación adecuada entre as diversas áreas dos gobernos locais. Actualizar os sistemas e protocolos de actuación no desenvolvemento das políticas de igualdade en coordinación con todas as entidades implicadas.
3. Expor sistemas de recompilación de datos desagregados para comprender e abordar as desigualdades de xénero para que, da súa análise, podamos ofrecer unha resposta apropiada e eficaz.
4. Ampliar o sistema de atención ás vítimas de todas as formas de violencia machista contra as mulleres no marco das nosas competencias, avanzando na mellora dos sistemas de detección temperá, situando no centro de todas as medidas os dereitos das vítimas e o seu empoderamento, e atendendo ao recoñecemento ao dereito de reparación das vítimas.
5. Sumarnos e convidar a toda a Cidadanía a participar nos actos organizados con motivo do 8M, así como aquelas accións e iniciativas que reivindicuen a igualdade e contra a violencia contra as mulleres.”

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta de declaración institucional, que é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

2.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS

Acceso á videoacta – 00:26:37 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

3.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

Acceso á videoacta – 00:26:39 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

3.2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADOS POR DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

Acceso á videoacta – 00:26:59 horas

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas, que comprenden un total de 186 resolucións numeradas da 76 á 261 do ano 2023, que se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
76/2023	23-01-2023	Concesión axuda emerxencia social alimentación a E.G.R. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
77/2023	23-01-2023	Desestimento de axuda de emerxencia social de R.R.C. por non achegar a documentación requirida no prazo establecido
78/2023	23-01-2023	Denegación axuda emerxencia social alimentación a M.J.B.B. por superar o límite de aforro establecido na ordenanza
79/2023	23-01-2023	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 26 de xaneiro de 2023
80/2023	23-01-2023	Conceder a bonificación solicitada do 50 por cento no imposto de construcións, instalacións e obras, a PTC para a instalación fotovoltaica na vivenda unifamiliar sita na rúa Picota, Cambre, (comunicación previa exp. 2022/U026/000033), por cumprir os requisitos establecidos para ser beneficiario da mesma na ordenanza fiscal num. 4, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras
81/2023	23-01-2023	Conceder a bonificación solicitada do 50 por cento no imposto de construcións, instalacións e obras, LPP, para a instalación fotovoltaica de autoconsumo na vivenda unifamiliar sita no lugar de Penouviña, parroquia de Cambre (comunicación previa exp 2022/U026/000358), por cumprir os requisitos establecidos para ser beneficiario da mesma na ordenanza fiscal num. 4, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras
82/2023	23-01-2023	Desistencia de axuda de emerxencia social recibo luz a S.B.B.
83/2023	23-01-2023	Expediente de xeración de crédito nº 1/2023 por importe de 131.455,50 euros . 2ª Aprobación Subvenc. para a realización das accións formativas para persoas desempregadas. Plan AFD 2022/2023 (cursos: Xestión RRHH e Operac. Fontanería)



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

84/2023	23-01-2023	Efectuar o visado municipal da licenza de taxi número 6 para o ano 2023, solicitado polo seu titular ASS, e proceder a tal efecto a anotación do dito visado no Rexistro de Títulos Habilitantes (aplicación Rtaxi)
85/2023	23-01-2023	Reposición legalidade urbanística pola construción dun peche na parcela sita en lendoiro, Cecebre, Titular- FMRego e MPC
86/2023	23-01-2023	Suspender inmediatamente os actos que está a realizar a empresa Excavaciones y Obras Melchor SL, nas parcelas sitas en rúa zeppelin Cecebre, propiedade de SS, SL, e na de titularidade municipal, consistentes no acopio e movementos de terras, sen título habilitante, de acordo co artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
87/2023	23-01-2023	Suspender inmediatamente a talla que está a realizar JRNB no lugar de Sarnoso (Brexo), sen ter depositado o correspondente aval, carecendo de título habilitante municipal, provocando danos no camiño municipal 1C.1.0275, de acordo co artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
88/2023	23-01-2023	Cesar á funcionaria SMC no posto de auxiliar administrativo adscrito a Servizos Sociais do Concello de Cambre con data 23 de xaneiro de 2023, segundo se establece na resolución 524/2022 do 30 de marzo de 2022 da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, que adxudica a dita funcionaria o posto de traballo convocado de auxiliar administrativo da Area de Cultura
89/2023	23-01-2023	Rectificación da resolución de convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 26 de xaneiro de 2023
90/2023	23-01-2023	Estimar a solicitude de devolución de ingresos indebidos por duplicidade de pagamento presentada por don JALM, de taxa por outorgamento de licenza de apertura de establecementos por importe de 325,00 euros
91/2023	23-01-2023	Expediente de transferencia de crédito núm. 1/2023. Muro Brexo Lema por un importe de 15.284,73 euros
92/2023	24-01-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 137,30 euros
93/2023	24-01-2023	Nomear a JASS conserxe interino, encadrado na escala de administración xeral, subescala Subalterno, pertencente ao grupo "outras Agupacións Profesionais" por exceso ou acumulación de tarefas e adscrito ao Área de Cultura por un prazo máximo de nove meses dentro dun período de dezaioite meses, de conformidade co artigo 23. 2 d) da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia
94/2023	24-01-2023	Expediente de transferencia de crédito 2/2023. Ampliación complexo deportivo A Barcala, por un importe de 274.322,69 euros
95/2023	24-01-2023	Estimar parcialmente as alegacións presentadas polo interesado, no referente a antigüidade da grella e a cheminea pero no con respecto ao cambio de cuberta xa que non queda acreditado que teña máis de 6 anos na documentación aportada no expediente. Requirir a MICR e JLSL que proceda á regularización do cambio de cuberta da construción auxiliar existente na parcela que foi obxecto de denuncia, debendo para elo presentar unha comunicación previa conforme ao disposto no anexo 6 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa
96/2023	24-01-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
97/2023	24-01-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
98/2023	25-01-2023	Solicitar unha axuda por importe de 50.000,00 euros para a execución da actuación de "Recuperación do xardín da Casa Arrigada", con base no proxecto "Acondicionamento zonas exteriores Casa Arrigada", elaborado polo enxeñeiro técnico de obras públicas D. Manuel Xácome Mariño Valencia
99/2023	25-01-2023	Aceptar as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, establecidas na Orde do 2 de decembro de 2022 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

100/2023	25-01-2023	Autorizar, dispor e recoñecer obrigas por importe de 812,81 euros na aplicación "920/22101 Auga dependencias municipais" polo IVE do autoconsumo de auga do 2022, así coma o seu pagamento en formalización con desconto no concepto non orzamentario "91001 Facenda Pública IVE repercutido". Autorizar, dispor e recoñecer obrigas, así coma o seu pagamento, por importe de 6.641,02 euros na aplicación "920/22501 Tributos Xunta de Galicia Administración xeral" polo canon da auga ano 2022 das dependencias municipais
101/2023	25-01-2023	Concesión axuda emerxencia social alimentación a K.M.L.O. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
102/2023	25-01-2023	Cesar con data 25 de xaneiro de 2023 á funcionaria interina GQL pola provisión definitiva do posto vacante de auxiliar administrativa que estaba ocupando, adscrito á Area de Cultura, pola funcionaria de carreira, SMC
103/2023	26-01-2023	Declarar a ASB responsable da comisión dunha infracción leve, consistente en ouriñar na vía pública na rúa María Mariño (Cambre), tipificada no artigo 27.1 a), en relación co artigo 28 da Ordenanza municipal de limpeza viaria, impondo ao infractor unha sanción de multa de 100 euros, de acordo co artigo 28.1 da citada norma
104/2023	26-01-2023	Iniciar procedemento sancionador a ÁGM para determinar a súa responsabilidade e no seu caso a sanción correspondente como consecuencia da presunta comisión dunha infracción consistente na realización dun grafiti nun dos túneles da AP9, no lugar de Quintán, Cecebre, estando cualificados tales feitos coma infracción de carácter leve polo artigo 158.4 d) da 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sendo a sanción proposta pola comisión da dita infracción a de multa de 100 euros, de acordo co disposto no artigo 28.2 da mesma norma
105/2023	26-01-2023	Iniciar procedemento sancionador a MSP para determinar a súa responsabilidade e no seu caso a sanción correspondente como consecuencia da presunta comisión dunha infracción consistente na realización dun grafiti nun dos túneles da AP9, no lugar de Quintán, Cecebre, estando cualificados tales feitos coma infracción de carácter leve polo artigo 158.4 d) da 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sendo a sanción proposta pola comisión da dita infracción a de multa de 100 euros, de acordo co disposto no artigo 28.2 da mesma norma
106/2023	26-01-2023	Declarar a SLM responsable da comisión dunha infracción grave, consistente en proferir gritos na rúa, fronte ao local sito na Costa da Tapia, nº 2, sendo as 4:11 da madrugada, sen cesar na dita actitude tras ser requerida para elo polo axente da autoridade, tipificada no artigo 76.2, en relación co 76.1 a) da Ordenanza municipal reguladora da protección do medio ambiente fronte a ruidos e vibracións perturbadoras, impondo á infractora unha sanción de multa de 1.501 euros, de acordo co artigo 78.1 c) da citada norma.
107/2023	26-01-2023	Declarar a DAP responsable da comisión dunha infracción grave, consistente en proferir gritos na rúa, fronte ao local sito na Costa da Tapia, nº 2, sendo as 4:35 da madrugada, sen cesar na dita actitude tras ser requerido para elo polo axente da autoridade, tipificada no artigo 76.2, en relación co 76.1 a) da Ordenanza municipal reguladora da protección do medio ambiente fronte a ruidos e vibracións perturbadoras, impondo á infractora unha sanción de multa de 1.501 euros, de acordo co artigo 78.1 c) da citada norma
108/2023	26-01-2023	Declarar a DPR responsable da comisión dunha infracción grave, consistente en proferir gritos na praza Uxío Novoneira (Cambre), sendo as 00:05 horas da madrugada, sen cesar na dita actitude tras ser requerido para elo polo axente da autoridade, tipificada no artigo 76.2, en relación co 76.1 a) da Ordenanza municipal reguladora da protección do medio ambiente fronte a ruidos e vibracións perturbadoras, impondo á infractora unha sanción de multa de 1.501 euros, de acordo co artigo 78.1 c) da citada norma
109/2023	26-01-2023	Axudicar o contrato menor á empresaría individual Beatriz Pérez Formoso (Farmacia SigrásAnceis), por un importe máximo de 1.034,62 euros sen IVE, e 1.221,06 euros con IVE incluído



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

110/2023	26-01-2023	Denegación de axuda de emerxencia social para recibo de alugueiro a K.F.C. por existir avalista no contrato de alugueiro
111/2023	26-01-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 89.020,04 euros
112/2023	26-01-2023	Estimar a solicitude presentada polo interesado EVdeLI e anular a liquidación das taxas por subministración de auga e rede de sumidoiros e prestación patrimonial de carácter público por depuración, correspondentes ao terceiro e cuarto trimestre do ano 2020. Estimar a solicitude de devolución de ingresos formulada polo interesado e recoñecer o seu dereito á devolución dos ingresos excesivos, que ascenden a un total de cincocentos oitenta e tres euros e noventa e oito céntimos (583,98 euros),
113/2023	26-01-2023	Devolver o aval depositado por DPRois para garantir a correcta execución da obra urbanizadora para a construción da vivenda unifamiliar sita no lugar de Arrigada, parroquia de Cambre, licenza de obra nº. 2019/U022/08, por importe de 26.239,26 euros, según resguardo de Tesorería nº 939 de data 04 de xuño de 2020, unha vez constatada a correcta execución da mesma
114/2023	26-01-2023	Conceder a licenza de primeira ocupación a ABPG para a vivenda sita no lugar de Lendoiro, parroquia de Cecebre, con licenza de obra nº 2018/U022/69
115/2023	27-01-2023	Convocatoria da sesión ordinaria Xunta Goberno Local do día 31 de xaneiro de 2023
116/2023	27-01-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
117/2023	27-01-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
118/2023	27-01-2023	Expediente núm. 1/2023 de incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2022 ao exercicio 2023
119/2023	27-01-2023	Autorización venda ambulante ocasional en eventos deportivos
120/2023	27-01-2023	Aprobación do padrón do prezo público por actividades extraescolares en periodos vacacionais "Xogando no Nadal 2022" 1ª quenda (do 23 ao 30 de decembro de 2022) e 2ª quenda (do 2 ao 5 de xaneiro de 2023).
121/2023	27-01-2023	Expediente de Incorporación de Remanentes 2/2023
122/2023	27-01-2023	Expediente de incorporación de remanentes 3/2023
123/2023	27-01-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a gastos por importe de 281,52 euros (taxa DOGA)
124/2023	27-01-2023	Resolución aprobación nómina produtividade 4º trimestre 2022
125/2023	27-01-2023	Aprobación nómina xaneiro 2023
126/2023	30-01-2023	Convocatoria pública de subvencións municipais a asociacións empresariais 2022
127/2023	30-01-2023	Aprobación do pagamento á Augas de Galicia correspondente a autoliquidación do canon da auga do terceiro cuadrimestre do 2022.
128/2023	31-01-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas con reparos de la intervención municipal por importe total de 67.206,60 euros
129/2023	31-01-2023	Concesión axuda emerxencia social alimentación a A.D.R. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
130/2023	31-01-2023	Aprobación convenio promoción do ciclismo 2022
131/2023	31-01-2023	Contratación mediante procedemento aberto simplificado de una póliza de seguros de Responsabilidade Civil para el Ayuntamiento de Cambre
132/2023	31-01-2023	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de decembro de 2022 e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de xaneiro de 2023
133/2023	01-02-2023	Estimar a solicitude presentada por RFF e anular a liquidación das taxas por subministración de auga e rede de sumidoiros e prestación patrimonial de carácter público por depuración, correspondente ao terceiro trimestre do ano



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		2021. Estimar a solicitude de devolución de ingresos formulada por RFF, e recoñecer o dereito á devolución dos ingresos excesivos, que ascenden a un total de cento nove euros con oitenta e tres céntimos (109,83 €) a prol de don Roi Fernández Añón, correspondentes á diferenza entre os importes do recibos abonado e a nova liquidación realizada
134/2023	01-02-2023	Convocatoria da sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico do día 9 de febreiro de 2023
135/2023	01-02-2023	Solicitude de revisión de factura de auga por consumo excesivo por fuga y devolución de ingresos presentada por D. José Ramón Alvite Martínez, en representación de SOCIOS MAS METAL, S.L. por importes elevados por presunta avaría na instalación nos recibos 14931/213 e 14931/214 de subministración de auga, rede de sumidoiros e depuración
136/2023	01-02-2023	Reposición legalidade urbanística pola existencia dun peche sen axustarse ao habilitada na comunicación previa número 2022/U026/000259, no Souto Anceis, MSS
137/2023	01-02-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
138/2023	02-02-2023	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a D.N.S.
139/2023	02-02-2023	Concesión axuda emerxencia social alimentación a E.H.B. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
140/2023	02-02-2023	Aprobación convocatoria de bonotaxi para o exercicio 2023
141/2023	02-02-2023	Concesión axuda emerxencia social alimentación a J.E.F.A. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
142/2023	02-02-2023	Denegación de axuda de emerxencia social para alimentación a J.A.C.H. por incumprimento do proxecto de intervención
143/2023	02-02-2023	Denegación de axuda de emerxencia social para alimentación a M.R.M. porque o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido.
144/2023	02-02-2023	Concesión axuda emerxencia social alimentación a V.L.G.S. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
145/2023	02-02-2023	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a R.A.J.
146/2023	02-02-2023	Alta IDA- Padrón M.F.L.
147/2023	02-02-2023	Desestimación de solicitude de devolución de ingresos indebidos presentada por NDaAOA da taxa por ocupación de vía pública na Costa da Tapia, nº 40 - O Temple
148/2023	02-02-2023	Alzar a medida cautelar de suspensión da utilización dos equipos musicais instalados no local denominado "ES bar", sito na rúa Otero Pedraio ao terse legalizado os mesmos mediante o expediente de comunicación previa de modificación de actividade nº 2022/U019/46
149/2023	02-02-2023	Conceder á IDV, SL licenza de vao permanenre para o acceso ao almacén de fontanería situado na Travesía da Igrexa, núm. 1 baixo, parroquia do Temple, Cambre
150/2023	02-02-2023	Aprobación de liquidación de taxa por ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, espectáculos, atraccións ou recreo e por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa, e estimación parcial da solicitude de devolución de ingresos indebidos presentada por don Julio Meijide Botana, actuando na representación de Local 36, S.L. por pago excesivo da taxa da ocupación de vía pública
151/2023	02-02-2023	Orde de execución polo desprendemento do revestimento da fachada en edificio sito en rúa Polígono, O Temple. Propiedade: Comunidade de Propietarios edificio rúa Polígono, O Temple
152/2023	02-02-2023	Arquivar o expediente de declaración de ruina número 2021/I006/000002 por canto que se demoleu a edificación. Propiedade: AAdel Y



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

153/2023	02-02-2023	Orde de execución polo derrubamento dun tramo de muro da urbanización. Propiedade: Subcomunidad de Propietarios Urb. Eira de Arriba, Sigrás
154/2023	02-02-2023	Conceder a RDL a licenza de vao permanente para o acceso á vivenda unifamiliar situada na rúa estrada da Estación, parroquia de Cambre
155/2023	02-02-2023	Corrección erros na licenza de parcelación de finca sita en A Cabana - Anceis concedida a donan M ^a MBV
156/2023	02-02-2023	Conceder a licenza de primeira ocupación a DGL para a vivenda sita no lugar de Anceis, parroquia de Anceis, con licenza de obra nº 2017/U022/73
157/2023	02-02-2023	Orde de execución polo derrubamento de dous tramos de muro de peche da parcela que linda con camiño municipal 1C10313.. FJEdelaM
158/2023	02-02-2023	Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2023. Aprobación lista de admitidos
159/2023	02-02-2023	Certificado de usos urbanísticos para instalación gasolinera
160/2023	02-02-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
161/2023	02-02-2023	Autorización apertura urna perimetral sinalada ao número 102, letra B, no cemiterio municipal de Cambre, co fin de depositar as cinzas de don J.V.L., o día 23 de outubro de 2022
162/2023	02-02-2023	Autorización apertura urna perimetral sinalada ao número 86, letra B, no cemiterio municipal de Cambre, co fin de inhumar o cadáver de M.S.L.M, o día 7 de novembro de 2022
163/2023	02-02-2023	Autorización apertura urna perimetral sinalada ao número 140, letra B, co fin de depositar as cinzas de don. S.R.M., o día 26 de setembro de 2022
164/2023	02-02-2023	Inscribir a unión non matrimonial entre DVL e JEE no Rexistro Municipal de Unións non matrimoniais do Concello de Cambre, co número 01/2023 (Expediente número 438.01/2023), con efectos do 1 de febreiro de 2023
165/2023	02-02-2023	Levantamento de reparos do contrato de servizos para a produción del Entroido Pequeno en Cambre 2023 (25 de febrero de 2023)
166/2023	02-02-2023	Aprobación do padrón do prezo público por actividades educativas curso escolar 2021-2022 (3º trimestre: mes de maio de 2022)
167/2023	02-02-2023	Autorización apertura urna perimetral 147, letra B, no cemiterio municipal de Cambre, co fin de inhumar as cinzas de dona M.S.J.F, o día 23 de agosto de 2022
168/2023	02-02-2023	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 3 de febreiro de 2023
169/2023	03-02-2023	Devolución da fianza depositada por don JMCF para garantir a correcta execución da obra urbanizadora para a construción da vivenda unifamiliar sita no lugar de Drozo, parroquia de Cambre, licenza de obra nº. 2016/U022/48, por importe de 7.954,01 euros
170/2023	03-02-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 7 de febreiro de 2023
171/2023	03-02-2023	Aprobar a relación de candidatos para nomeamentos de axentes de protección civil interinos cos aspirantes que superaron a fase de oposición e coa puntuación acadada
172/2023	03-02-2023	Autorizar a DLDS para a apertura da urna central sinalada ao número 34, letra C, no cemiterio municipal de Cambre
173/2023	03-02-2023	Autorización apertura urna perimetral sinalada ao número 146 letra A, no cemiterio municipal de Cambre, co fin de inhumar o cadáver de dona P.V.V., o día 12 de agosto de 2022
174/2023	03-02-2023	Autorización apertura urna perimetral sinalada ao número 3, letra A, no cemiterio municipal de Cambre, co fin de inhumar o cadáver de dona I.P.C., o día 4 de novembro de 2022
175/2023	03-02-2023	Solicitar á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade unha subvención, de conformidade coa citada orde, para contratar a cinco persoas perceptoras de



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		RISGA, para a realización de traballos de limpeza urbana adscritos ao departamento de Obras e servizos, e para realización de traballos de auxiliar administrativo no departamento de Servizos Sociais
176/2023	03-02-2023	Conceder a autorización a AMiD para exercer a venda ambulante durante os días 4 e 5 de febreiro de 2023 na entrada do pavillón polideportivo de Cambre en horario de mañá e tarde os días 4 e 5 de febreiro de 2023
177/2023	03-02-2023	Aprobar a convocatoria de bonotaxi para o exercicio de 2023
178/2023	03-02-2023	Nomear a IPP administrativa interina, encadrada na escala de administración xeral, subescala administrativa, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional C1, por exceso ou acumulación de tarefas, adscrita a Intervención, por un prazo máximo de nove meses dentro dun período de dezoito meses, de conformidade co artigo 23-2 d) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
179/2023	03-02-2023	Autorizar MAL, en representación da AECC, para ocupar ocupar o Campo da Feira da parroquia de Cambre, o vindeiro día 04.02.2023, en horario de 11:00 a 14:00 horas, para a realización de un lazo humano así como para a colocación de unha mesa informativa e solidaria
180/2023	03-02-2023	Autorizar a MFJM para a apertura da urna perimetral sinalada ao número 170, letra D, no cemiterio municipal de Cambre, onde foron depositadas, con data do 4 de setembro de 2022
181/2023	03-02-2023	Autorizar a MEVN para a apertura da urna perimetral sinalada ao número 57, letra A, no cemiterio municipal de Cambre
182/2023	03-02-2023	Autorizar a VBF para a apertura da urna perimetral sinalada ao número 54, letra B, no cemiterio municipal de Cambre
183/2023	03-02-2023	Inscribir no libro rexistro historial de nichos do cemiterio municipal de Cambre a inhumación, realizada con data do 28 de xullo de 2022. Instar aos herdeiros de CFG, titular do dereito de uso privativo das urnas perimetrais sinaladas aos números 91, letra A e 92, letra A, no cemiterio municipal de Cambre, para que soliciten a transmisión do citado dereito de uso
184/2023	06-02-2023	Solicitar a participación do Concello na convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar gastos de persoal técnico nos servizos municipais de deportes en 2023 (FO106/2023), publicadas no BOP núm. 4, do 5 de xaneiro de 2023 (extracto da convocatoria BDNS: BOP núm. 10, do 16.01.2022)
185/2023	06-02-2023	Aprobar a incorporación de remanente de crédito do exercicio 2022 número 4/2023 por importe de 198.473,01 euros
186/2023	06-02-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación a MRSM por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
187/2023	06-02-2023	Dar de alta no servizo de axuda no fogar a MCDV
188/2023	06-02-2023	Conceder a UFD DE, SA, a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 1 metro lineal para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á nave sita no lugar de Enxertos, parroquia de Sigrás, segundo o proxecto técnico que se achega
189/2023	06-02-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas con reparos da intervención municipal por importe total de 9.909,86 euros
190/2023	07-02-2023	Comparecer no procedemento abreviado número 0000218/2022 ante o Xulgado Contencioso-Administrativo número 2 da Coruña, representación e defensa
191/2023	07-02-2023	Conceder a UFD DE, SA, a licenza municipal solicitada para o desmantelamento do centro de transformación 15CEQ8 sito no Polígono de Cambre, segundo o proxecto técnico que se achega
192/2023	07-02-2023	Corrección de erros da resolución de alcaldía núm. 2373/2022 de recoñecemento de obrigas do Consolida Cambre 2022
193/2023	07-02-2023	Aprobar a documentación presentada pola Fundación Wenceslao Fernández Flórez do destino de fondos percibidos como subvención nominativa outorgada



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		con cargo ao convenio de colaboración asinado entre o Concello de Cambre e a entidade, para o financiamento das actividades de promoción cultural, difusión da obra e a figura de Wenceslao Fernández Flórez e os gastos de funcionamento de Villa Florentina durante 2020, por importe insuficiente de cinco mil catrocentos cincuenta euros con sesenta e dous céntimos (5.450,62 €)
194/2023	08-02-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
195/2023	08-02-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
196/2023	08-02-2023	Declarar prescrita a infracción consistente na división da nave sita na parcela do polígono industrial do Espírito Santo, Cecebre, en catro módulos, sen título habilitante municipal
197/2023	09-02-2023	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a APC
198/2023	09-02-2023	Denegar a axuda de emerxencia social para alimentación a LCS porque o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido
199/2023	09-02-2023	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a OCL
200/2023	09-02-2023	Dar de alta no servizo de axuda no fogar a ARV
201/2023	09-02-2023	Conceder a de axuda de emerxencia social para recibos de luz a MPVD por un total de 465,84 euros
202/2023	09-02-2023	Conceder a de axuda de emerxencia social para recibo de auga a SBP por importe de 32,99 euros
203/2023	09-02-2023	Conceder a axuda de emerxencia social para recibo de gas a MEG por un importe de 140,35 euros
204/2023	09-02-2023	Conceder a axuda de emerxencia social para dous recibos de alugueiro a AMBC por un importe total de 600 euros correspondentes aos meses de decembro de 2022 e xaneiro de 2023
205/2023	09-02-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación a VVM por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
206/2023	09-02-2023	Dar de alta no servizo de axuda no fogar a MTAM
207/2023	09-02-2023	Dar de alta no servizo de axuda no fogar a MSV
208/2023	09-02-2023	Conceder a axuda de emerxencia social para recibos de alugueiro a YGR por un importe total de 840 euros
209/2023	09-02-2023	Desistencia a axuda de emerxencia social de alimentación a IRG
210/2023	09-02-2023	Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno municipal de data 14 de febreiro de 2023
211/2023	10-02-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 14 de febreiro de 2023
212/2023	10-02-2023	Aprobación do padrón do prezo público por actividades xuvenís do Programa Vente de Marcha; Ruta 156: Lagoa de Vixán
213/2023	10-02-2023	Conceder a MI, SL o cambio á categoría de vao permanente da licenza de vao laboral con placa número 248 concedida por resolución núm. 475 do 22 de marzo de 2022 do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras para o acceso ao almacén de 47,29 m2 situado na rúa Graduil, núm. 7 baixo, parroquia de Cambre, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2023
214/2023	10-02-2023	Autorización acceso a información solicitada en data 06-02-2023 (nº rexistro 202399900000609)
215/2023	10-02-2023	Asignar o número 9, baixo dereita 1 exterior, á vivenda situada na rúa Lagoa 9, CP 15660, Cambre
216/2023	10-02-2023	Conceder a Cy SS,SA o cambio á categoría de vao permanente da licenza de vao laboral con placa número 207 e número fixo 503000772307 concedida por resolución núm. 784 do 9 de maio de 2017 do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente para o acceso ao almacén de 204,53 m2 situado na Travesía da Coutelana, núm. 5 baixo, parroquia do Temple, con



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		efectos dende o 1 de xaneiro de 2023
217/2023	10-02-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
218/2023	10-02-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 105.999,41 euros
219/2023	10-02-2023	Concesión de autorización para o exercicio da venda ambulante ocasional durante eventos deportivos no pavillón de Cambre 11 e 12 de febreiro
220/2023	10-02-2023	Aprobación do padrón do prezo público por actividades deportivas - Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2023 correspondente ao mes de xaneiro
221/2023	13-02-2023	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas ordinarias do día 16 de febreiro de 2023
222/2023	13-02-2023	Dar de baixa no padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, e falecemento ás persoas correspondentes ao mes de decembro de 2022
223/2023	13-02-2023	Desistencia a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade de CRM
224/2023	13-02-2023	Desistencia a renovación de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade de JRLB
225/2023	13-02-2023	Conceder a axuda de emerxencia social para recibo de alugueiro a SVGJ por importe de 300 euros
226/2023	13-02-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación a MAR por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
227/2023	13-02-2023	Denegar a axuda de emerxencia social de alimentación a NGMT por non estar empadroada
228/2023	13-02-2023	Desistencia a axuda de emerxencia social para recibos de KFC
229/2023	13-02-2023	Denegar a axuda de emerxencia social para recibos de auga e luz a MJBB por superar o saldo medio de aforro establecido na ordenanza
230/2023	13-02-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación a CRS. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
231/2023	13-02-2023	Denegar a axuda de emerxencia social para recibo de alugueiro a SAV por non estar debidamente acreditada a situación de necesidade
232/2023	13-02-2023	Incoar procedemento para declarar a caducidade da licenza concedida a don CLF por acordo da Comisión de Goberno de data 06 de agosto de 2001 para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Coruxos, San Lorenzo de Meixigo, expediente nº 01/44/2001, ao ter superado con creces o prazo máximo de 6 meses, para o inicio das obras, establecido en dita licenza, de conformidade co artigo 145- 4 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia
233/2023	13-02-2023	Concesión e baixa de bonificacións da taxa de auga e rede de sumidoiros 100% para o 1º trimestre do ano 2023
234/2023	13-02-2023	Dar de alta no padrón municipal de habitantes de Cambre, por cambio de residencia e nacemento e autorizar os trocos de domicilio e modificación de datos persoais, así como renovar a inscrición no padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios, e comprobar a residencia dos cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e outros estados pertencentes ao Espazo Económico Europeo correspondentes ao mes de decembro de 2022
235/2023	13-02-2023	Concesión e baixa de bonificacións da cota da taxa por subministración de auga e da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola depuración, para vivendas nas que convivan máis de cinco persoas ou o pagador da póliza de abono ostente a condición de familia numerosa -1º TRIMESTRE 2023 BONIFICACIONES AGUA FAMILIA NUMEROSA OU VIVENDAS NAS QUE CONVIVAN MÁIS DE CINCO PERSOAS
236/2023	14-02-2023	Expedientes sancionadores de tráfico



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

237/2023	14-02-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
238/2023	14-02-2023	Conceder a GC, SL o cambio á categoría de vao permanente da licenza de vao laboral con placa número 236 e número fixo 503000797848 concedida por resolución núm. 67 do 19 de xaneiro de 2021 do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras para o acceso ao almacén de 352,55 m2 situado na rúa Francisco Añón, núm. 11 baixo, parroquia do Temple, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2023
239/2023	14-02-2023	Desestimar as alegacións presentadas pola interesada, e ordenar a CH, S.L. que proceda a realizar as seguintes obras no inmovible sito en Amil, tapiado de ocós con fábrica de albanelería - inertado e retirada dos tanques de combustible presentes na finca
240/2023	14-02-2023	Conceder a licenza de primeira ocupación a JMP para a vivenda sita no lugar de Brexo,, parroquia de Brexo, con licenza de obra nº 2020/U022/07, concedida por Resolución nº 666/2021 do Concelleiro Delegado da Area de Urbanismo e Obras de data 6 de maio de 2021
241/2023	14-02-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
242/2023	15-02-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación a MPB por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
243/2023	15-02-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación a MMS por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
244/2023	15-02-2023	Estimar o recurso de reposición interposto por LMCG contra a resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras do día 19 de xaneiro de 2023, Núm. 64/2023, ao apreciarse falta de lexitimación pasiva nos interesados, de acordo coa documentación achegada co recurso, e en consecuencia revogar a medida cautelar adoptada
245/2023	15-02-2023	Dar de alta no padrón municipal de habitantes de Cambre, por cambio de residencia e nacemento e autorizar os trocos de domicilio e modificación de datos persoais, así como renovar a inscrición no padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios, e comprobar a residencia dos cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e outros estados pertencentes ao Espazo Económico Europeo, correspondentes ao mes de xaneiro de 2023
246/2023	15-02-2023	Iniciar procedemento sancionador a AVT para determinar a súa responsabilidade e no seu caso a sanción correspondente como consecuencia da presunta comisión dunha infracción consistente no depósito de materiais residuais nun camiño sito en Lendoiro, Cambre, estando tipificados tales feitos coma infracción de carácter grave polo artigo 27 b) número 5 da Ordenanza municipal de limpeza viaria e ornato público e as sancións que poden corresponderlle son as de multa de ata 1.500 euros, de acordo co artigo 28. 2 da citada norma
247/2023	15-02-2023	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 15 de febreiro de 2023
248/2023	15-02-2023	Declarar a caducidade do expediente nº 07/20/01, incoado a HVT, C.B. pola construción dunha planta baixa entre dúas naves en rúa Fleming, do polígono industrial do Espírito Santo, sen que se poida iniciar novo expediente pola realización das obras denunciadas ao ter caducado a acción para a reposición da legalidade e ter prescrito a infracción, ordenando o arquivo das actuacións practicadas, quedando a edificación suxeita ao réxime previsto no artigo 90 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
249/2023	15-02-2023	Iniciar procedemento sancionador a DQR para determinar a súa responsabilidade e no seu caso a sanción correspondente como consecuencia da presunta comisión dunha infracción consistente na realización dun grafiti na marquesina da parada de autobús da estrada Cambre-Temple, en Cambre, estando cualificados tales feitos coma infracción de carácter leve polo artigo 158.4 d) da 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sendo a sanción proposta pola comisión da dita infracción a de multa de 100 euros, de acordo co disposto no artigo 28.2 da



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		mesma norma
250/2023	15-02-2023	Desestimar as alegacións presentadas pola interesada, por canto que se constatou que non se subsanaron as deficiencias detectadas na finca obxecto do presente expediente e ordenar a A, S.L. que realice as seguintes obras no inmovible sito en Amil tapiado de ocos con fábrica de albanelería - inertado e retirada dos tanques de combustible presentes na finca
251/2023	15-02-2023	Conceder a licenza de primeira ocupación a SSC para a vivenda sita no lugar de Meixigo, parroquia de Cambre, con licenza de obra nº 2020/U022/000048, concedida por resolución nº 783 de data 24 de maio de 2021
252/2023	15-02-2023	Advertido un erro na resolución núm. 154/2023 do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras, do día 2 de febreiro de 2023, pola que se concede a RDL a licenza de vao permanente para o acceso á súa vivenda unifamiliar, procédese a súa emenda e ondi di no apartado primeiro dos antecedentes de feito e no apartado primeiro da proposta de resolución "...estrada da Estación, núm. 53..." debe dicir "...estrada Cambre-Temple, núm. 53...", de acordo co disposto no apartado 2 do artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
253/2023	15-02-2023	Suspender a utilización da cheminea existente na grellada sita en Curros Enríquez, O Temple, así como a utilización da grella, ao terse producido unha combustión na dita chimenea, sen que estea acreditado que as medidas correctoras existentes na actividade sexan suficientes para garantir que non se volvan a producir tales feitos, de acordo co disposto no artigo 28.1 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia
254/2023	15-02-2023	Iniciar expediente de orde de execución a MEIA para rectificar as seguintes deficiencias detectadas na finca sita en A Cabana, Anceis, con existencia dun cerramento vexetal que está a invadir o espazo público
255/2023	15-02-2023	Denegar a MFTG a ampliación de prazo solicitado para a presentación do pertinente recurso de reposición ao acordo adoptado polo concelleiro delegado da Área de urbanismo e obras de data 21 de decembro de 2022, por canto que a ampliación de prazos prevista no 32.1 LPACAP non resulta aplicable ao réxime dos recursos administrativos, xa que os prazos de interposición dos recursos son prazos de caducidade e, como tales, improrrogables e non susceptibles de ampliación
256/2023	15-02-2023	Desestimar as alegacións presentadas por JAD-CN por canto que non desvirtúan os feitos denunciados, que xa quedaron acreditados mediante resolución firme, sen que por outra parte o interesado teña aportado proba algunha do manifestado no seu escrito de alegacións
257/2023	15-02-2023	Declarar prescrita a infracción consistente na división da nave sita na parcela , rúa Daimler e Lumière do polígono industrial do Espírito Santo, Cecebre, en tres módulos, sen título habilitante
258/2023	15-02-2023	Declarar a xubilación forzosa do funcionario de carreira FLL por xubilación forzosa, polo cumprimento da idade legalmente establecida, con efectos do 15 de febreiro do 2023
259/2023	15-02-2023	Declarar a xubilación forzosa do funcionario de carreira FLL por xubilación forzosa, polo cumprimento da idade legalmente establecida, con efectos do 15 de febreiro do 2023
260/2023	16-02-2023	Aprobar a lista provisional de admitidos/excluídos no concurso-oposición para a selección dun técnico de administración xeral interino e elaboración de relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de administración xeral interinos. Designar como membros do tribunal cualificador deste proceso selectivo. Lugar, día e hora da celebración do exercicio da fase de oposición
261/2023	16-02-2023	Denegar acceso á información requirida no escrito presentado o día 17 de xaneiro de 2023 (núm. rexistro 202399900000249)

Igualmente, a Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía, que se relacionan a continuación:

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 24 de xaneiro de 2023

Prórroga á anualidade 2023 do contrato para a subscrición dunha "Póliza de seguro colectivo de accidentes para voluntarios de Protección Civil do Concello de Cambre". Expediente: 2020/C006/000006

Prórroga á anualidade 2023 do contrato para a subscrición dunha "Póliza de seguro colectivo de accidentes para o persoal do Concello de Cambre e membros da corporación municipal". Expediente: 2020/C006/000007

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 31 de xaneiro de 2023

Aprobación do expediente de contratación núm. 2022/C003/000011, polo procedemento aberto simplificado establecido no artigo 159 da LCSP, cun dous criterios de adxudicación de apreciación automática (factor prezo e incremento do prazo de garantía), correspondente á obra de Mellora funcional e accesibilidade do parque Ramón Barba

Proposta de devolución da garantía definitiva por importe de 1.573,83 euros constituída por don José Luís Torrado Rodríguez, no expediente número 2022/C004/000026, para o "Servizo de contratación artística e produción do VI Festival "Temple Jazz 2022" do concello de Cambre".

Proposta de devolución das garantías definitivas por importes de 825,00 euros e 1.375,00 euros, correspondentes aos Lotes 1 e 2, constituídas pola entidade Vida Lactea, S.L., con CIF B27304443, mediante avais no expediente número 2018/C004/00001, para o "Servizo de organización e desenvolvemento de campamentos de verán no ano 2018 (prorrogable ao 2019), promovidos polo departamento de xuventude do concello de Cambre".

Proposta de devolución da garantía definitiva por importe de 2.926,90 euros constituída pola entidade Excavaciones y Obras Candal, S.L., con CIF B15496219, mediante aval no expediente número 2020/C003/000002, para a obra "Renovación da rede de abastecemento en O Corgo, Outeiro y Bandedó, parroquia de Brexo-Lema (Plan único de concellos) POS + 2020".

Proposta relativa a deixar sen efecto a designación como responsable do contrato do "Servizo de redacción de proxectos e direccións de obra da Área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre", efectuada en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada con data 8.3.2022, a prol do arquitecto don José Ramón Díaz Barbeito, e designar como responsable do contrato a dona Elena Bartolomé Delanöe, enxeñeira técnica de obras públicas do Concello de Cambre

Proposta de adxudicación do lote LOTE 1 (CEIP Wenceslao Fernández Flórez) do contrato de Mellora dos parques infantís dos CEIPs Wenceslao Fernández Flórez e O Graxal (expediente núm. 2022/C003/000022) á empresa ZONA DE OBRA O Rosal, no prezo ofertado de 10.295,98 euros sen IVE, 12.458,13 euros IVE incluído, e do LOTE 2 (CEIP O Graxal) á empresa OZIONA SOLUCIÓNS DE ENTRETENIMENTO, no prezo ofertado de 23.700,00 euros sen IVE, 28.677,00 euros IVE incluído.

Proposta de adxudicación do contrato da obra "Reforma e ampliación do complexo deportivo municipal da Barcala"; a prol do licitador;OGMIOS PROYECTO, S.L.; no prezo ofertado de 224.445,84 euros sen IVE (271.579,47 euros, IVE incluído)

Sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 3 de febreiro de 2023

Proposta relativa á aprobación do expediente de contratación da produción do evento Entroido Pequeno Cambre 2023 (expediente TEdC 2023/C004/000001)

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 7 de febreiro de 2023

Proposta de non división en lotes dos investimentos incluídos no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2023"

Contratación dunha póliza de seguros de flota de vehículos do Concello de Cambre. Expte: 2023/C006/000001

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 14 de febreiro de 2023

Proposta relativa a deixar sen efecto a designación como responsable do contrato de "Mellora dos parques infantís dos CEIPs Wenceslao Fernández Flórez e O Graxal", efectuada en sesión ordinaria da Xunta de Goberno local celebrada con data 31.01.2023, a prol da dona Elena Bartolomé Delanõe, enxeñeira técnica de obras públicas, e designar como responsable do contrato a don Óscar Souto Muíño, enxeñeiro de camiños municipal do Concello de Cambre

Proposta de devolución da garantía definitiva por importe de 5.150,00 euros, constituída pola entidade Alboroto Producciones, S.L., con NIF B02471746, en metálico, no expediente número 2022/C004/00025, para o "Servizo de produción e contratación artística do XXX Festival Rock in Cambre 2022"

Sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 15 de febreiro de 2023

Proposta relativa a completar o prazo de presentación de proposicións no procedemento de contratación do servizo de produción do Entroido Pequeno en Cambre 2023. Expediente 2023/C004/000001.

3.3. ROGOS

ROGOS DO PP PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202399900000851 o día 17 de febreiro de 2023, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que redactados en castelán e traducidos ao galego din:

1º rogo - *Acceso á videoacta* – 00:27:01 horas

Lee o rogo o Sr. Abalo Castex:

“Desde o Grupo Municipal Popular, volvemos traer novamente a pleno a reiterada reivindicación levada a cabo este mandato sobre o desastroso estado no que se atopan as marquesiñas de autobús existentes no noso municipio. Un exemplo máis da desidia, o desinterese e o desgoberno que levamos sufrindo os cambreses

desde hai 8 anos. Goberno local que volve cargar tinta contra os funcionarios para expiar as súas culpas, xa que a explicación do seu estado e a falta de reparación é que o expediente se atopa en contratación.

Tal e como se reflicte nas fotografías que se achegan, tomadas nalgunhas das marquesiñas existentes na estrada Cambre-O Temple, así como na propia parroquia do Temple; xunto ás pintadas e cristais estalados, predomina a sucidade ou a ausencia dalgúns dos seus elementos, convertendo a esta parte do noso mobiliario público en inservible.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que pola concelleira competente se adopten as medidas necesarias para devolver o máis axiña posible, un estado óptimo ás nosas marquesiñas.”

O Sr. Mallo Castro contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 00:30:40 horas

Lee o rogo a Sra. González Roel:

“Veciños e usuarios da contorna do santuario de Altamira, remítenos as súas queixas sobre os defectos de iluminación apreciados nas luminarias existentes na contorna do devandito santuario; provocando evidente inseguridade aos seus visitantes.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que, pola concelleira competente se adopten o máis axiña posible as medidas necesarias para devolver unha correcta iluminación á contorna do santuario de Altamira.”

O Sr. Mallo Castro contesta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 00:31:39 horas

Lee o rogo o Sr. Abalo Castex:

“Son múltiples as queixas recibidas polo Grupo Municipal Popular respecto do estado de sucidade no que se atopa a contorna da entrada principal da nosa casa do concello, fundamentalmente motivada pola utilización da entrada principal do noso concello como sala de fumadores, onde se acumulan as cabichas de cigarros, así como a retirada dos cinzeiros alí existentes.

Por iso é polo que, desde Grupo Municipal Popular se interesa que pola concelleira competente se adopten as medidas necesarias para a correcta limpeza da contorna da nosa casa do concello libre de cabichas.”

O Sr. Mallo Castro contesta o rogo.

ROGO DO BNG PRESENTADO ORALMENTE

O Sr. Brais Cubeiro formula o seguinte rogo:

Único - Acceso á videoacta – 00:32:58 horas

“Na estrada que vai de Aneis cara a Mercurín produciuse un desprendemento de terra tamén durante o temporal do pasado mes de xaneiro. A día de hoxe segue na mesma situación, mesmo estivo sinalizado por uns conos que colocaron os veciños.

Rogamos reparen a dita situación.”

ROGOS DE AV PRESENTADOS ORALMENTE

O Sr. Varela Fraguío formula os seguintes rogos:

1º rogo - Acceso á videoacta – 00:33:34 horas

“Ás portas do 8 de marzo, Día Internacional das mulleres, contamos un ano máis cunha declaración institucional, que está moi ben, e á que por suposto nos sumamos. Dito isto queremos manifestar a nosa preocupación polo progresivo aumento das violencias machistas e gustaríanos que o noso concello non quedara nunha simple declaración de intencións.

Entendemos que a maneira máis efectiva na prevención da violencia machista é a educación e a igualdade de xénero, e o camiño cara á igualdade pasa pola adolescencia e infancia, motivo polo cal queremos propoñer que se poña en marcha unha programación de actividades con contidos que traballen a temática, abordándoa dende diferentes departamentos, Xuventude, Educación, Servizos Sociais, Deportes, dun xeito específico e non soamente dun xeito transversal e puntual como se está a facer agora.”

2º rogo - Acceso á videoacta – 00:34:31 horas

“A semana pasada nas actas da Xunta de Goberno Local aparecía solicitar unha subvención ao abeiro da Orde da Consellería de Política Social e Xuventude, do 19 de outubro de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega da atención temperá nos anos 2022 a 2024, susceptible de ser cofinanciada polo Programa FSE+Galicia 2021-2027, e se realiza a súa convocatoria, publicada no DOG núm. 207, do 31 de outubro do 2022; aprobar o orzamento e o obxecto do proxecto, así como o importe da subvención solicitada que se indica a continuación:

- Obxecto: Implantación dun servizo de atención temperá no Concello de Cambre, cun orzamento total de 157.353,26, cun importe a solicitar do mesmo importe.

Motivo polo cal rogamus que este ano non se volvan deixar desamparadas ás familias, tal e como se fixo en convocatorias anteriores.”

3º rogo - Acceso á videoacta – 00:35:35 horas

«A realidade aumentada do mural de Fendetestas non chega a todos os recunchos do concello. Hai uns días presentábase a ferramenta “realidade aumentada”, cun valor de en torno aos 5.000 euros, factura que viña con reparo de Intervención, á cal se lle argumentou a urxencia para fomento turístico da vila.

Esta realidade aumentada fai mirar para outro lado, pero a realidade é que o motor turístico de Cambre é o paseo fluvial, e ten os paneis informativos vandalizados polas pintadas dende hai anos, e coa sinalización que tampouco ten mellor aspecto e resulta ilexible nalgúns casos.

Motivos polos cales rogamus se teña a mesma urxencia, se lle dea a mesma importancia á sinalización do paseo do Mero que ao mural Fendetestas; e a situación deses paneis sexa resolta o antes posible.»

3.4. PREGUNTAS

PREGUNTAS DO PP PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202399900000851 o día 17 de febreiro de 2023, xunto cos rogos presentados para este pleno, que redactadas en castelán e traducidas ao galego din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 00:36:25 horas

Lee a pregunta o Sr. Abalo Castex:

“No pleno ordinario do pasado mes de xaneiro, este Grupo Municipal Popular interesouse pola acumulación de lixo, mobles, ferralla e toda clase de materiais que aparecían amontoados xunto aos contedores de lixo existentes en Lema, nas inmediacións do bar O Farturento; algúns deles tóxicos, tal e como se apreciaba na fotografía adxunta.

Motivo polo que o Grupo Municipal Popular requiriu a inmediata retirada dos devanditos materiais e o seu envío ao destino adecuado para este tipo de materiais, así como a realizar unha adecuada campaña de sinalización e sensibilización da poboación co medio ambiente, evitando condutas como a denunciada.

Rogo que foi inmediatamente atendido, salvo no que aos materiais tóxicos se refire ao necesitar dun especial tratamento, transporte e depósito; razón pola cal, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que se informe sobre a natureza dos residuos tóxicos retirados, datas de retirada e lugar de depósito.”

A Sra. Parceró Quiñoy contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 00:37:39 horas

Lee a pregunta a Sra. González Roel:

“Numerosas foron as ocasións nas que este Grupo Municipal Popular puxo en coñecemento do Goberno local a acumulación de mobles vellos, electrodomésticos en desuso, materiais de derriba, xunto a residuos de todo tipo amontoados durante días xunto aos contedores de lixo existentes na N-550 ao seu paso por Altamira (tal e como se observa nas fotografías de arquivo que se achegan); solicitando que se adoptasen medidas necesarias para erradicar ou mitigar os devanditos depósitos. Aceptados os rogos presentados sobre o particular tanto en sesións plenarias como en comisións informativas, o certo e verdade é que o problema persiste no tempo.

Razón pola cal, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que pola concelleira competente en materia de medio ambiente nos informe sobre os últimos depósitos advertidos e as medidas adoptadas respecto diso.”

A Sra. Parceró Quiñoy contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 00:38:58 horas

Lee a pregunta o Sr. Abalo Castex:

“Transcorrendo o primeiro mes dos dous cos que conta o período de exposición pública do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Cambre (PXOM), desde o Grupo Municipal Popular pregúntase polas incidencias advertidas durante este trámite ata o momento, entre elas a repercusión da sentenza que repón no seu posto ao

arquitecto municipal titular, así como o calendario previsto desde o Goberno municipal tras o peche do devandito trámite.

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

PREGUNTAS DO BNG PRESENTADAS ORALMENTE

O Sr. Brais Cubeiro formula as seguintes preguntas:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 00:40:02 horas

“Teñen previsto realizar o certame de pintura neste ano 2023?”

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 00:40:09 horas

“En que data teñen previsto realizar o Día do deporte?”

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 00:40:12 horas

“Na zona anteriormente citada no rogo hai perigo de desprendemento de árbores que poderían caer sobre os postes do tendido eléctrico. Veciñas e veciños de Anceis avisaron ao concello desta problemática. Tivo en conta o concello estes avisos?”

PREGUNTAS DE AV PRESENTADAS ORALMENTE

A Sra. Sánchez Vieites formula as seguintes preguntas:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 00:40:43 horas

“Coa mesma exposición de motivos que o segundo rogo oral que fixeron, querían preguntar a canto ascende o importe total de todos os exercicios nos que se perdeu a subvención para atención temperá que quedará sen aplicar.”

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 00:41:04 horas

“Que tipo de contrato ou previsións teñen para poñer en marcha outra vez o servizo de atención temperá?”

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 00:41:09 horas

“Cantas familias ou usuarios interpuxeron algún tipo de reclamación ou queixa ante o concello pola deficiente xestión deste programa?”

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, ás vinte horas e corenta e dous minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, do fe.

Vº e praxe
O presidente
(Asinada dixitalmente)

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral
(Asinada dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo